-**Equipo de dinamización da lingua galega:** 3.4. O equipo de normalización lingüística reunirse cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias. As actividades que se van realizar polo equipo de normalización lingüística incluíranse na programación xeral anual.

-**Equipo de actividades extraescolares complementarias:** 4.3. O equipo de actividades complementarias e extraescolares reunirse cunha periodicidade trimestral e realizará unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias. As actividades que se van realizar polo equipo de actividades complementarias e extraescolares incluíranse na programación xeral anual.

- **Equipo tic como ao equipo de biblioteca (Orde 17 xullo 2007):** As reunións de ditos equipos realizaranse coa mesma periodicidade que as do equipo de dinamización da lingua galega e as do equipo de actividades extraescolares e complementarias.

- **Equipo de plurilingüismo:** Reúnese todos os luns de 17:20 a 18:20.

-**Departamento de Orientación:** Seguindo o establecido na Orde do 24 de xullo de 1998, o departamento de orientación reunirse trimestralmente (artigo 13.2) e os membros do con destino no propio centro farano semanalmente. Estas reunións Terán lugar os luns de 17:20 a 18:20.

-**Claustro e consello escolar:** As reunións dos órganos de goberno realizaranse en horario que posibiliten a asistencia a todos os membros. Reuniranse unha vez por trimestre en sesión ordinaria e sempre que os convoque o presidente ou o solicite, polo membros un térceo dos seus membros.

-**Titorías:** As titorías teñen lugar todos os luns dende as 16:20 ate as 17:20.

-**Equipo directivo:** Reúnese todas as semanas en horario non lectivo durante un mínimo de unha hora.

A continuación engádese unha **proposta** de reunións que se van establecer ao longo do curso, tendo presentes posibles cambios, modificación (tanto horarias como de reunión, con previo aviso), por cuestións organizativas e pedagóxicas.

CEIP Plurilingüe "O Mosteirón"

É preciso destacar que, debido ao número de semanas que ten cada mes, non todos os meses se contará con reunións de todos os equipos, órganos de goberno, órganos de coordinación docente...



DÍAS NON LECTIVOS SETEMBRO



 <p>VENRES 1 SETEMBRO</p> <p>09:30- Reencontro- dinámica inicio curso 10:00: Claustro</p>	 <p>LUNS 4 SETEMBRO</p> <p>09:30- Reunión de ciclos 11:30: Plurilingüismo</p>	 <p>MARTES 5 SETEMBRO</p> <p>09:00- Dinamizacións e equipos 11:30: PDI_coordinador@s</p>
 <p>MÉRCORES 6 SETEMBRO</p> <p>09:00- CCP 11:30: D. Orientación</p>	 <p>XOVES 7 SETEMBRO</p> <p>09:00- Reunión de ciclos</p>	 <p>VENRES 8 SETEMBRO</p> <p>09:00- Claustro inicio de curso. 11:30: Reparto libros 3º e 4º. 16:00: C. Escolar</p>

Setembro 2023

11

15:20: Reunión de ciclo
16:20: Titorías.
17:20: Plurilingüismo /D. Orientación

18

15:20: Reunión equipos.
16:20: Titorías.
17:20: PDI /D. Orientación



25

15:20: CCP
16:20: Titorías.
17:20: Plurilingüismo /D. Orientación/ UoZ Natura





Para a CCP teñen que estar enviadas as propostas de objetivos e medidas de actuación para a PHA

Outubro 2023

2

Avaliacións Iniciais e ACS

9

15:20: Reunión de ciclo
16:20: Titorías.
17:20: Plurilingüismo /D. Orientación

16

15:20: Claustro
16:20: Titorías.
17:20: D. Orientación Consello.
Uoz Natura

23

15:20: Reunión equipos.
16:20: Titorías.
17:20: PDI /D. Orientación

30

15:20: CCP
16:20: Titorías.
17:20: D. Orientación/
Plurilingüismo




Novembro 2023

6 15:20: Reunión de ciclo 16:20: Tutorías. 17:20: Plurilingüismo /D. Orientación	13 15:20: Reunión equipos. 16:20: Tutorías. 17:20: PDI /D. Orientación
20 15:20: CCP 16:20: Tutorías. 17:20: D. Orientación/ Plurilingüismo	27 15:20: Reunión de ciclo 16:20: Tutorías. 17:20: Voz Natura /D. Orientación

Decembro 2023

4 15:20: Revisión programación PROENS, memoria trimestral 16:20: Tutorías. 17:20: D. Orientación/ Plurilingüismo	11 15:20: Reunión equipos. 16:20: Tutorías. 17:20: PDI /D. Orientación
18 Avaliacións	

Haneiro 2024

8
15:20: Reunión de ciclo
16:20: Titorías.
17:20: Plurilingüismo /D. Orientación/ Uoz Natura

15
15:20: Reunión equipos.
16:20: Titorías.
17:20: POI /D. Orientación

22
15:20: CCP
16:20: Titorías.
17:20: D. Orientación xeral/ Plurilingüismo

29
15:20: Claustro
16:20: Titorías.
17:20: D. Orientación Consello.

Febreiro 2024

5
15:20: Reunión de ciclo
16:20: Titorías.
17:20: Plurilingüismo /D. Orientación/ Uoz Natura

19
15:20: Reunión equipos.
16:20: Titorías.
17:20: POI /D. Orientación

26
15:20: CCP
16:20: Titorías.
17:20: D. Orientación/ Plurilingüismo / Uoz Natura

Marzo 2024

4 15:20: Reunión equipos. 16:20: Tutorías. 17:20: PDI /D. Orientación	11 15:20: Reunión de ciclo 16:20: Tutorías. 17:20: Plurilingüismo /D. Orientación
18 Avaliacións	

Abril 2024

8 15:20: Reunión de ciclo 16:20: Tutorías. 17:20: Plurilingüismo /D. Orientación/Voz Natural	15 15:20: Reunión equipos. 16:20: Tutorías. 17:20: PDI /D. Orientación
22 15:20: Claustro 16:20: Tutorías. 17:20: D. Or Consello.	29 15:20: CCP 16:20: Tutorías. 17:20: D. Or xeral/ Plurilingüismo

Maio 2024

6

15:20: Reunión de ciclo
16:20: Tutorías.
17:20: PDI /D. Orientación

13

15:20: CCP
16:20: Tutorías.
17:20: D. Or Plurilingüismo

27

15:20: Reunión equipos.
16:20: Tutorías.
17:20: PDI /D. Orientación



Xuño 2024

3

15:20: Reunión de ciclo
16:20: Tutorías.
17:20: Plurilingüismo /D. Orientación

10

15:20: Reunión festa fin de curso
16:20: Tutorías.
17:20: D. Orientación

17

Avaliacións

20 de xuño
pola tarde
preparación festa fin de curso.



CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

15.Libros de texto.

Curso	Área/materia	Título	Autor/a/	Editorial	Ano publicación	ISBN	Lingua	Ano implantación
1º EP	Música e danza	Music in tune 1. Primary Student's Book	María Larumbe Martín, Miguel Ángel de la Ossa Rebollo	Richmond Ed Santillana,	2022	9788468058191	Inglés	2023

Curso	Área/materia	Título	Autor/a/	Editorial	Ano publicación	ISBN	Lingua	Ano implantación
2º EP	Matemáticas	MATE+ Matemáticas para pensar		Santillana	2023	9788468058429		2023
2º EP	Lingua castelá	Lengua 2. RUTAS	Carmen Pellicer Iborra	Edudynamic ACTIV O. Primer Ciclo	2022	9788469892428	Castelá	2023
2º EP	Música e danza	Music in tune 2 Primary Student's Book	María Larumbe Martín, Miguel Ángel de la Ossa Rebollo	Richmond Ed Santillana	2023	9788468058214	Inglés	2023

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Curso	Área/ materia	Título	Autor/a/	Editori al	An o pu bli ca ció n	ISBN	Lingua	Ano implan tación
3º Ed. Primaria	Ciencias da Natureza	“Construíndo mundos”	Teresa Grence e Ana M ^o Guerra	Obradoiro	2022	978-84-9185-410-4	Galego	2022
3º Ed. Primaria	Ciencias Sociais	“Construíndo mundos”	Teresa Grence e Ana M ^o Guerra	Obradoiro	2022	978-84-9185-416-6	Galego	2022
3º Ed. Primaria	Lingua Castelá e Literatura	“Construyendo mundos” Mochila ligera	Teresa Grence e Ana M ^o Guerra	Santillana	2022	978-84-680-7201-2	Castelá	2022
3º Ed. Primaria	Lingua Extranxeira	Go Far! 3 Students pack	Brendon Dunne e Robin Newton	Richmond	2022	978-84-66-83-65-55	Inglés	2022
3º Ed. Primaria	Matemáticas	“Construyendo mundos” Mochila ligera	Teresa Grence e Ana M ^o Guerra	Santillana	2022	978-84-680-7136-7	Castelá	2022

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Curso	Área/ materia	Título	Autor/a/	Editorial	Ano publicación	ISBN	Lingua	Ano implantación
4º Ed. Primaria	Ciencias da Natureza	“Construíndo mundos”	Equipo editorial	Obradairo	2023	978-84-9185-692-4	Galego	2023
4º Ed. Primaria	Ciencias Sociais	“Construíndo mundos”	Equipo editorial	Obradairo	2023	978-84-9185-698-6	Galego	2023
4º Ed. Primaria	Lingua Castelá e Literatura	“Construyendo mundos” Mochila ligera	Equipo editorial	Santillana	2023	978-84-144-0738-7	Castelá	2023
4º Ed. Primaria	Lingua Extranxeira	Go Far! 4 Students pack	Robin Newton	Richmond	2022	978-84-668-3656-2	Inglés	2023
4º Ed. Primaria	Matemáticas	“Construyendo mundos” Mochila ligera	Equipo editorial	Santillana	2023	978-84-144-0769-1	Castelá	2023

16. Criterios de promoción do alumnado.

A promoción en 1º, 3º e 5º de Ed. Primaria é automática, non se repetirá nestes cursos. So se pode repetir unha vez en toda ed. Primaria e será en 2º, 4º ou 6º ed primaria.

Non promocionará o alumnado que teña dúas áreas suspensas se unha é ou ben lingua galega ou lingua castelá e matemáticas, e o alumnado que teña tres áreas suspensas sexan as que sexan. A decisión final da promoción ou non tomarase na xunta de avaliación, tendo en conta as características persoais do alumnado.

17. Plan de utilización das instalación do centro.

No relativo á utilización das instalacións do centro seguirase o proceso en marcado na Orde 22 de Xullo 1997 no capítulo III, no punto 9:

Para a utilización das instalacións do colexio por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, deberá presentarse unha solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial de Educación, que resolverá o que proceda, despois de informe da inspección educativa.

Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Para a utilización das instalacións por parte das asociacións de pais e nais de alumnos, asociación de antigos alumnos e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só se require a solicitude previa á dirección do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización no marco das directrices fixadas polo consello escolar, se o seu destino é a finalidade propia de ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións dos centros poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos presencial ou a distancia, etc.

As instalación do centro son empregadas para a realización das seguintes actividades extraescolares: Pintura, Atletismo, Judo, Ludoteca, teatro, inglés, ximnasia rítmica, aprende con cans e Madrugadores.

18. Plan para a realización do transporte escolar.

O servizo de transporte escolar funciona segundo o establecido na Instrución 1/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería De Educación , Universidade e Formación Profesional sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso 2023/4..

O servizo de transporte escolar do centro educativo corre a cargo UTE 1522 A Coruña. En xuño as familias do alumnado cubriron un documento para que autorizasen á recollida dos mesmos ás persoas que considerasen oportuno, ou ben que no casos que autoriza a instrución ir sos para a súa casa.

Ao centro prestan servizo un total de cinco autobuses, os cales chegan ao centro escolar entre as 08:45 e as 09:00 e efectúan a súa saída ás 15:20.

Autobús nº 1

Percorrido.- Edreira (Parada Taxis) - Coiro – O Castro (Estanco García) – Samoedo (P.Bus) – Polideportivo (Sada) – Sada (correos)

Autobús nº 2

Pazos (P.Bus) – Fontán (Casa mariñeiros) – Sada e contornos
Percorrido.- (fronte ao colexio) – Xeitosiña – Seixeda- – Panadeira Osedo- Osedo Farmacia.

Autobús nº 3

Percorrido.- Sada (Concello) - Igrexa de Sada (P.Bus)

Autobús nº 4

Percorrido.- Sada (Correos) – Chaburra (P.Bus)

Autobús nº 5

Percorrido.- Sada (Correos) - Tarabelo

19. Comedor escolar

Tal e como establece a citada instrución o centro debe aportar o número de colaboradores suficientes que ten asignado, un total de 12:

- Mestres: Existen un total de 15 mestres colaboradores, que realizan as función en quendas rotatorias.
- 12 familias colaboradoras.

A distribución por niveis é a seguinte:

- ◆ 1 colaboradora para cada nivel de educación infantil.
- ◆ 1 colaborador de apoio ás mesas de educación infantil e 1º.
- ◆ 1 colaboradora xeral de apoio.
- ◆ 1 colaboradora para as mesas de 1º Ed. Primaria.
- ◆ 1 colaboradora para as mesas de 2º Ed. Primaria.
- ◆ 1 colaboradora para as mesas de 3º Ed. Primaria.
- ◆ 1 colaboradora para as mesas de 4º Ed. Primaria.
- ◆ 1 colaboradora para as mesas de 5º Ed. Primaria.
- ◆ 1 colaboradora para as mesas de 6º Ed. Primaria.
- ◆ 1 mestre/a que se encarga do control e disciplina do alumnado e axuda nas tarefas de comedor.

O número de alumnado que fai uso deste servizo é o seguinte:

CURSO 2023/24	Total Alumnos	Alumnos comensais
4º Infantil	21	17
5º Infantil	25	24
6º Infantil	23	22
1º Primaria	35	30
2º Primaria	30	27
3º Primaria	34	33
4º Primaria	38	36
5º Primaria	37	33
6º Primaria	40	36
TOTAIS	283	258

20. Relación coas familias.

Os docentes de hoxe en día nunca deben actuar en solitario, senón que por formar parte dun claustro e de unha comunidade educativa, na que ademais dos mestres, teranse en conta as determinadas institucións e as familias, parte indispensable do proceso. Os alumnos chegan ao centro escolar cunha historia persoal que o mestre debe coñecer en canto ao referido ao que poida afectar ao ámbito escolar (Protocolo de Protección de datos persoais) coa finalidade de evitar xuízos de valor incorrectos e actuar de xeito incorrecto, cobrando, neste senso, gran importancia o aspecto emocional, tan patente dende que o neno chega ao mundo. Así pois, determinadas características veranse influenciadas tanto por factores internos como externos, que tal e como se reflexa dende a LOE e dende a LOMLOE, no seu artigo 80, a escola debe actuar como compensadora de desigualdades.

Así pois atendendo ás seguintes funcións manteranse canles de comunicación abertos:

- » LOE/LOMLOE, artigo 91: funcións profesor:
 - c) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
 - H) a información periódica ás familias sobre o proceso de ensinanza dos seus fillos/as, así como a orientación para a cooperación no mesmo.
- » Decreto 374/96, artigo 81:
 - S. facilitar a cooperación educativa entre profesores e pais de alumnos.
 - X. Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio ao aprendizaxe e a orientación de los alumnos.

Así pois, a relación coas familias intentarase que sexa o máis cercana posible e manterase unha reunión inicial por parte de cada titor coas familias; as reunións iniciais fanse en dúas quendas por clase, coa posibilidade de asistir un dos proxenitores; en caso de divorcio ou separación poderán asistir as súas partes, sempre e cando o centro teña documentación que alegue que se está cada familia en dita situación.

- ◆ Educación Infantil:
 - 4º Educación Infantil: Mércores 6 setembro 2023.
 - 5º Educación Infantil: Mércores 6 setembro 2023.
 - 6º Educación Infantil: Mércores 6 setembro 2023.
- ◆ 1º Educación Primaria: Xoves 7 setembro 2022.
- ◆ 2º Educación Primaria: Luns 25 de setembro de 2023.
- ◆ 3º Educación Primaria: Luns 18 de setembro de 2023.
- ◆ 4º Educación Primaria: Luns 2 de outubro de 2023.
- ◆ 5º Educación Primaria: Luns 18 de setembro de 2023.
- ◆ 6º Educación Primaria: Luns 25 de setembro de 2023.

Está prevista unha hora de titoría semanal a cal será todos os luns de 16:20 a 17:20, que se pode realizar de xeito presencial, telemática ou telefónico.

Coa finalidade de abrir o centro á comunidade, establécese unha **xornada de portas abertas para as familias** que o queira coñecer, que desexen ver como se traballa, para que deste xeito

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

coñezan o PE do centro de cara a tomar a decisión de solicitar praza nun centro educativo. Pendente de como poder levala a cabo neste curso, para evitar entradas e saídas de xente.

As familias de 6º Ei e 6º EP son invitadas ao acto de graduación na casa da cultura, que terá lugar a semana antes de finalizar as actividades lectivas.

Dende o centro pretende manter **canles de comunicación fluídas ás familias e acorde coa sociedade actual**, por iso fomentase de xeito progresivo o uso de **abalarmóbil**, o cal axuda a reducir a cantidade de papel empregado e facilita ás familias ter as novas no seu dispositivo móbil no intre.

A ANPA do noso centro colabora activamente no día a día do centro, propoñendo actividades, colaborando e mantemos con ela reunións establecendo canles de comunicación sobre o funcionamento do centro.

O Concello colabora co centro outorgando unha subvención nominativa para o financiamento das actividades complementarias, material funxible, reparacións e mantemento de 3.000 euros.

21. Tarefas extraescolares

Seguindo o marcado na Disposición adicional cuarta Do Decreto 155/2023 polo que se establece o currículo de educación primaria, os centros debemos incluír as pautas ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares. Dende o centro indicamos o seguinte:

Poderanse enviar tarefas que non se rematen na aula, actividades de reforzo e ampliación, repaso de contidos, preparación de exposicións orais e traballos manipulativos, tendo presente a autonomía do alumnado.

22. Incorporación gradual do alumnado de 4º Ed. Infantil.

En base á Orde do ..—polo que se establece o calendario escolar para o curso 2023.24 no artigo 4 indica que o proceso de incorporación gradual do alumnado non se alongará máis do 15 de setembro.

Dito proceso foi aprobado en claustro ordinario o 30 de xuño de 2023 seguindo o marcado nas instrucións de inicio de curso para que puidese ser comunicado ás familias no verán.

LUNES 11 DE SETEMBRO <u>Grupo A:</u> 09:30/10:30 <u>Grupo B:</u> 11:00/12:00	MARTES 12 DE SETEMBRO <u>Grupo B:</u> 09:30/11:00 <u>Grupo A:</u> 11:30/13:00	MÉRCORES 13 DE SETEMBRO <u>Grupo B:</u> 9:30/ 11:30 <u>Grupo A:</u> 11:45/13:45	XOVES 14 DE SETEMBRO <u>Grupo A:</u> 9:00/12:00 <u>Grupo B:</u> 10:30/13:30
VENRES 15 DE SETEMBRO <u>Grupo B:</u> 10:00/14:00 <u>Grupo A:</u> 9:30/13:30			

23.Plans e proxectos de centro.

No presente curso no colexio desenvólvese por sexto curso consecutivo un Proxecto Documentado Integrado (PDI); este curso denomínase “Vila Olímpica Mosteirón”. Dito proxecto está referido á vindeira celebración dos xogos olímpicos, polo medio do cal coñeceremos diferentes tipos de culturas, hábitos saudables, deportes e sobre todo, traballaremos os valores e a importancia do traballo en equipo, Iremos incorporando nas diferentes conmemoracións e actividades o PDI-

Os Plans e proxectos nos que está inmerso o centro os seguintes:

- **Plan Proxecta** : Proxectos da vida activa e deportiva. (PVDA)
- **Voz Natura**: No proxecto Voz Natura participa todo o centro, coa finalidade de traballar de xeito transversal a educación ambiental.
- **Plan director**: O alumnado de 5º e 6º Ed. Primaria.
- **Reserva da biosfera**.
- **Programas de éxito educativo: Contratos programa**:
 - Inclúe:
 - Emociona-t:
 - Innova:
 - EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.
 - 01. EDUinnova. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.
 - Educalidade.
- **Programa de éxito educativo**:
 - **PROA +**: Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo que se desenvolve en 3º, 4º 5º e 6º de Educación Primaria dende o 10 de outubro de 2022 ate o xuño de 2023.
- Temos presente tamén que é o sétimo curso no **Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares** . E o curso pasado entramos a formar parte da rede de **bibliotecas creativas**.
- Terceiro curso de incorporación ao proxecto “E-dixgal”.

24.Formación do profesorado do centro.

Para este curso escolar a formación que se ten prevista é a seguinte:

- **Seminario de formación permanente**: En base á dotación que nos van realizar dende “Polos creativos” e por medio do cal debemos de ter unha formación no centro.
- **Grupo de traballo** “Innovando en educación infantil”.
- **Grupo de traballo** “Actividade física” .
- **Formación en base ao plan de autoprotección do centro**.

25. Departamento de Orientación.

METODOLOXÍA:

Emplearase un enfoque multinivel segundo o cal partírase do seguinte:

1. Considerar os estilos de aprendizaxe do alumnado.
2. Formulación de preguntas que permitan aplicar diferentes niveis de pensamento.
3. Realizar axustes en función dos resultados.
4. Dar ao alumno/a a oportunidade de elixir o método que empregarán para demostrar se comprenderon o concepto ensinado.
5. Aceptar que diferentes estratexias teñen o mesmo valor.
6. Avaliar os progresos en función das características individuais.

O profesorado empregará as seguintes directrices como guía:

1. Identificar os contidos máis relevantes para cada alumno/a en concreto.
2. Determinar o método que empregará para presentar a información en función dos estilos de aprendizaxe predominantes no alumno/a (visual, auditivo, kinestésico, multimodal)

Orientacións concretas para a lectoescritura:

No caso de alumnado que presente dificultades para a aprendizaxe da lectura mediante o *método silábico*, considerarase o *método global* sempre e cando conte cunha boa capacidade memorística visual, sendo este un prerequisite importante.

Orientacións no caso de discalculia:

Empregaranse apoios visuais, material manipulativo, así como a técnica das autoinstrucións que se pode aplicar a todo o grupo-clase:

Isto implica, realizar as tarefas seguindo uns pasos concretos.

Exemplo:

para resolver un problema:

1. Leo dúas veces o enunciado.
2. Na segunda lectura, subraio os datos.
3. Escribo os datos.
4. Que teño que facer? Hai que xuntar, unir, quitar ou repartir?.
5. Escribo a operación.
6. Fago a operación e obteño resultado.
7. Que é este resultado? Párome, e penso.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

8. Escribo o que é: chicles, froitas, minutos...

Estratexias para alumnado NEAE:

ESTRATEXIAS DENTRO DA AULA:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral. • o profesorado debe asegurarse de que o alumnado o mira aos ollos, que entende o exposto e, de ser o caso, que copiou o sinalado. Con esta finalidade formularanse algunhas preguntas, para que as poida responder correctamente.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas, etc.).
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben as que se consideren máis importantes.

Posibles ferramentas para axudar a este alumnado a mitigar os déficits relacionados coas capacidades de autocontrol para atender, razoar, memorizar, organizarse e planificar o traballo, son:

- O emprego de axendas -que lle axudan a recordar e organizar o traballo.
- Uso de paneis de anticipación, con finalidade similar.
- Descomposición das tarefas en pasos ordenados.
- As normas de aula e centro explícitas en soporte visual.
- Aprendizaxe e desenvolvemento do xogo simbólico e social

EXAMES OU PROBAS ESCRITAS:

E necesario, utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación. • Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.

Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).

Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH. •

Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.

Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión.

ESTRATEGIAS PARA MELLORAR A MOTIVACIÓN E A AUTOESTIMA:

- O reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximación á conduta desexada.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia. A evolución positiva do alumnado dependerá da actuación do profesorado e do apoio da súa propia familia. Cómpre establecer entrevistas periódicas do profesorado titor coa familia (aconsellable cada 2 ou 3 semanas) para intercambiar información sobre os progresos nos planos académico, social e emocional, así como sobre as dificultades atopadas e as estratexias compartidas para superalas.

TÉCNICAS DE MODIFICACIÓN DE CONDUCTA:

Utilízanse para favorecer o cambio de comportamento a través dunha serie de estratexias.

- Técnicas para incrementar a conduta desexada, como o reforzo positivo e a economía de fichas.
- Técnicas para reducir as condutas non desexadas, como retirar a atención diante dunha conduta inadecuada, reforzar condutas alternativas, priva-lo de obter reforzamento etc...

TÉCNICAS METODOLÓXICAS A DESTACAR:

Aprendizaxe sen erro.

Moldeamento.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Espera estruturada (esperamos un intervalo de tempo antes de invitar a actuar ou de proporcionar axuda)

Autoinstrucións

ALGUNHAS ORIENTACIÓNS PARA AUMENTAR A COMPETENCIA SOCIAL:

- Historias sociais e conversacións en forma de historieta (facer role-playing).
- Guións sociais.
- Regras sociais.

Estratexias que poden axudar no proceso de socialización deste alumnado dentro do grupo-clase son:

- Facilitar a outros compañeiros ou compañeiras pautas de relación co alumno ou coa alumna con NEAE (titoría dun compañeiro ou dunha compañeira)
- Aproveitar os puntos fortes do alumnado (habilidades especiais, información sobre certos temas do seu interese, etc.), para organizar situacións de aprendizaxe colaborativa.
- Traballar con toda a clase habilidades sociais promotoras de valores de

respecto, solidaridade, tolerancia.

ESTRATEGIAS ORGANIZATIVAS

- Tipo de aula. O alumnado con NEE debe estar nunha aula con bo clima de traballo.
- As normas deben de claras e coherentes coa empatía e co reforzo positivo.
- Localización da alumna ou do alumno na aula. Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiros/as que sexan modelo de tranquilidade. Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais.
- Mesa da alumna ou do alumno. Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa.
- Normas de convivencia consensuadas na aula:
Estas normas debe escribilas o propio alumnado, han de estar visibles na aula, e deben ser repasadas, con frecuencia, polo conxunto da clase.
- Estruturación do contorno:
Debe proporcionárselle a este alumnado unha ensinanza o máis estruturada posible, na que serán claves as rutinas, os horarios, as axendas individualizadas ou a organización física dos materiais.

Modalidades de atención

– **Reforzo Educativo (en diante, RE) do profesor titor/ora:** O profesor titor/a atende individualmente a un alumno/a que pode seguir o currículo ordinario do curso no que está escolarizado, pero necesita, para logralo, unha atención máis individualizada tanto en aspectos curriculares como en estratexias de aprendizaxe e pautas de traballo.

Reforzos temporais ou permanentes dentro do aula. Atención por parte do mestre/a que teña dispoñibilidade horaria. Realiza reforzo educativo: Neste sistema o profesor de apoio traballa o currículo, dentro do aula ordinaria. O obxectivo é permitir ao profesor ordinario levar un o ritmo da aula e, ao mesmo tempo se lle garante ao alumno con necesidades, o apoio na área onde ten dificultade.

O profesorado de reforzo ordinario incidirá no alumnado que presenta RE (con documento elaborado segundo o protocolo do centro)

As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas por escrito das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

Existe no centro documento de RE para establecer as habilidades/contidos a reforzar e introducir modificacións en cada trimestre.

Atención específica por parte do profesorado de apoio. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requiran, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas.

Organización dos apoios específicos AL/PT:

Habilidades a mellorar:

Os apoios dirixiranse fundamentalmente á mellora dos procesos básicos de aprendizaxe (atención, percepción, memoria), a adquisición de estratexias metacognitivas que lle permitan ao alumnado adquirir autonomía nas súas aprendizaxes. Promoverase a mellora da comunicación social no caso de alumnado TEA coas adaptacións necesarias e a xestión emocional para os alumnos de TDAH e problemas condutuais.

Tamén favorecerase a adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas nos casos de dislexia e dificultades específicas de aprendizaxe, así como o alumnado con desvantaxe socioeducativa.

Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular, traballarase en conformidade á mesma.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Alumnado participante:

O alumnado participante no programa de apoio de AL/PT será seleccionado segundo os criterios establecidos no Plan de Atención á diversidade do centro.

Os apoios se impartirán preferentemente durante as áreas instrumentais.

Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.

As familias serán informadas dos apoios que reciben os seus fillos/as e emitirase un informe trimestral de AL e PT sobre o traballado e avances producidos.

Onde se levan a cabo os apoios específicos AL-PT:

A intervención dos especialistas do DO efectuaranse fóra da aula ordinaria do alumno/a. O grupo ordinario ten que seguir sendo a referencia básica e non superar os 3/5 da xornada escolar.

Outros programas do DO:

Os itinerarios de habilidades sociais no 1º ciclo, convivencia no 2º ciclo e estratexias de mellora na comunicación social para o 3º ciclo, debido ás propias características dos mesmos, desenvolveranse na aula ordinaria con todos os nenos/as.

O programa de técnicas de estudo, efectuarase de forma transversal aproveitando momentos concretos, como pode ser o tempo de lectura, de ser o caso. Ofertarase aos titores de 4º, 5º e 6º EP o material para facelo dentro da aula ordinaria e tamén cabe a posibilidade de desenvolver sesións de forma puntual por parte da orientadora, de ser o caso.

O programa de desenvolvemento socioemocional, realízase de forma individual fóra da aula ordinaria en períodos de 20 minutos durante o tempo de lectura en unha ou dúas sesións semanais para cada alumno implicado segundo necesidade.

O programa de enriquecemento curricular será desenvolto dentro da aula ordinaria por parte das mestras titoras con orientacións do DO.

O plan de traballo para alumnado con TEA, será desenvolto polas especialistas en ACNEAE xunto á titora.

Seguimento de Protocolos:

As estratexias metodolóxicas e organizativas plantexadas teñen en conta as orientacións ofrecidas nos protocolos da Xunta de Galicia para o alumnado con Alta Capacidade, TDAH, TEA, Dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe.

Reunións do DO:

Celebraranse as seguintes xuntanzas:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Reunións semanais entre profesorado de AL/PT e orientadora.
- Reunións trimestrais entre todos os membros do DO.
- Reunións periódicas entre os equipos docentes que atenden ao alumnado CNEAE e os especialistas do DO (AL, PT e OR)

PT

1. XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA.

O presente plan fai posible unha mellor planificación das actuacións a levar a cabo como mestra de PT, partindo da lexislación vixente:

Decreto de Atención á diversidade 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade (art.57, recolle o apoio de PT como una medida extraordinaria) e tamén ao Plan de Atención á diversidade (PAD) do centro como documento do que se parte para a elaboración do Plan de Apoio.

Xustificación Pedagóxica: A resposta á diversidade, concrétase especificamente no plan de atención á diversidade.

O Plan de apoio especifica a intervención da profesora de pedagogía terapéutica adoptando como criterio o seu ámbito de actuación (co alumnado, titores, familias, membros do DO) e o currículo de referencia do alumno e ofrecendo unha resposta diversificada segundo as características e necesidades do alumnado.

2. ALUMNADO AO QUE VAI DIRIXIDO.

Comezamos o curso 2023-24 no CEIP Plurilingüe O Mosteirón co seguinte alumnado, todos pertencentes á etapa da Educación Primaria:

ALUMNOS	DIAGNÓSTICO
Alumno 1	TEA
Alumno 2	TEA
Alumno 3	Dificultades en lectoescritura, rasgos disléxicos
Alumno 4	Retraso global do desenvolvemento
Alumno 5	Trastorno de conduta con CI límite
Alumno 6	Desfase curricular
Alumno 7	Desfase curricular acentuado. Descoñecemento parcial do idioma
Alumno 8	Disortografía. Desvantaxe socio-educativa
Alumno 9	Dislexia

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Alumno 10	Dificultades na expresión escrita, nistagmus
Alumno 11	TDAH/ TEL/TEA
Alumno 12	TDAH
Alumno 13	Dificultades na aprendizaxe. Desvantaxe socio-educativa

3. OBXECTIVOS

A continuación detallaremos os obxectivos xerais da aula, así como os dirixidos ao alumnado, os cales poden ir variando ao longo do curso dependendo das necesidades que poidan ir aparecendo:

- Colaborar cos titores no deseño, aplicación e seguimento da adaptación da programación de aula.
- Asesorar na elaboración e seguimento das adaptacións curriculares non significativas.
- Colaborar na elaboración e seguimento das adaptacións curriculares significativas.
- Colaborar na selección, elaboración e adaptación do material didáctico.
- Coordinar a nosa labor docente co resto do profesorado que incide no alumnado NEAE, en especial co equipo do Departamento de Orientación.
- Informar e motivar á familia para que participen de forma activa no proceso de ensinanza- aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a inclusión do alumnado no seu contexto familiar, escolar e social.

Ademais destes obxectivos xerais propostos para a aula PT, tamén nos propoñemos uns obxectivos a nivel curricular, que se adecuarán de forma individualizada ás características e necesidades do alumnado coa súa correspondente programación individual. Entre eles podemos destacar:

- Participar ao máximo do currículo ordinario, mediante unha programación de aula adaptada aos niveis de competencia e intereses.
- Favorecer a xeneralización dos aprendizaxes a contextos significativos.
- Desenrolar estratexias para aumentar e manter a atención.
- Conseguir a autonomía persoal, social e favorecer as relacións interpersoais.
- Acadar e reforzar os contidos das distintas áreas troncais de cursos anteriores.
- Desenrolar habilidades básicas: razoamento, memoria e atención.
- Mellorar o nivel de lectura e escritura.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Mellorar a súa comprensión oral e escrita.
- Aumentar o vocabulario básico.
- Estimular a súa linguaxe, as intencións comunicativas e as relacións sociais.
- Empregar materiais e recursos de apoio que favorezan a motivación e o grao de comprensión.
- Fomentar a autoestima e a seguridade en si mesmo.
- Traballar en situacións grupais estruturais e dirixidas para aprender a traballar en grupo.

4. METODOLOXÍA.

Un dos principios básicos á hora de traballar co alumnado de necesidades educativas específicas é a coordinación que será levada a cabo a través de diversos procedementos:

1. Coordinación co equipo docente que incide no alumnado coa fin de establecer estratexias organizativas e pedagóxicas.
2. Coordinación coa familia mediante entrevistas periódicas xunto co titor e orientadora para mantelos informados dos procesos educativos dos seus fillos, así como das medidas adoptadas para dar resposta educativa precisa. Asemade, propiciarase a participación familiar no proceso educativo para dar continuidade na casa a labor iniciada no centro coa fin de xeneralizar a aprendizaxe.
3. Desenvolverase unha metodoloxía baseada principalmente en aspectos significativos, funcionais e coas participación activa do alumno. Así, usaremos situacións significativas e motivadoras, relacionando as novas aprendizaxes con coñecementos previos e formulando preguntas que os activen e fagan pensar.
4. Perspectiva globalizadora, así os programas de actuación da aula PT partirán das respectivas programacións de aula, para así facer un desenrolo coherente dos obxectivos educativos.
5. Respecto ás actividades propiciarase:
 - Asegurar a atención: evitar dar instrucións ou presentar materiais cando o alumno está distraído. Así empregaremos actividades motivadoras e tentaremos seguir unha rutina co obxectivo de traballar a organización espacial, temporal e as capacidades cognitivas básicas.
 - Presentar claramente os contidos a traballar: dar instrucións sinxelas, utilizando un vocabulario claro, utilizando debuxos, imaxes e códigos.
 - Partir do concreto vinculado ao aquí e agora.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Desenrolar estratexias para aumentar e manter a atención.
- Realizar tarefas concretas, cortas e motivadoras.
- Introducir actividades individuais complementarias para conseguir os obxectivos comúns do grupo.
- Potenciar actividades nas que o alumno traballe axudado ou apoiado polos seus compañeiros.
- Propor actividades que supoñan un pequeno reto coa fin de aumentar a confianza de maneira progresiva en si mesmo.
- Partir de aspectos funcionais e significativos para el.
- Actividades adecuadas ao nivel de competencias do alumnado.
- Actividades en graos progresivos de dificultade.
- Exercicios motores que favorezan a grafomotricidade, direccionalidade do trazo, motricidade fina e grosa...
- Tarefas para a adquisición dun método lectoescritor que permita ao alumnado o acceso da diferente tipoloxía de textos e información.
- Exercicios para favorecer a expresión de feitos, estados de ánimo, relatos, experiencias persoais ou alleas... de forma coherente e sinxela, e de forma tanto oral como escrita.
- Exercicios léxico-semánticos, que fomenten o aumento do vocabulario, o coñecemento de campos ou categorías semánticas, a formación de familias léxicas así como a comprensión de ordes, narracións, informes...
- Coñecemento, reforzo e afianzamento das regras ortográficas básicas atendendo ao nivel madurativo de cada alumno/a.
- Exercicios de numeración, que axuden a identificación dos números e do valor posicional de cada unha das súas cifras.
- Tarefas de operacións matemáticas e resolución de problemas atendendo a certas estratexias, palabras clave e razoamento global.

5. ORGANIZACIÓN.

A aula de PT conta co material básico: 2 mesas grandes, 2 mesas individuais, 5 cadeiras, encerado normal e dixital e armarios estantes. Como material pedagóxico temos libros de texto dos diferentes niveis educativos, material de lectura, escritura, resolución de problemas, fichas de repaso, reforzo e ampliación dos distintos niveis. Asemade conta con utensilios de medición temporal, de capacidade, de lonxitude, así como xogos de razoamento lóxico.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Debido ao seu limitado espazo non podemos facer recunchos de xogo, de relaxación ou o recuncho de informática, así que calquera destas actividades serán realizadas no propio sitio do alumnado.

6. RECURSOS MATERIAIS.

Os recursos didácticos serán o máis variados e atractivos posibles para captar o interese e procurar a significatividade das aprendizaxes. Na súa selección teremos en conta aspectos como a súa relación cos obxectivos, as capacidades, a súa accesibilidade, funcionalidade e carácter lúdico... Utilizaremos materiais didácticos específicos que traballen a atención, a memoria, a lectura-escritura, o cálculo, a resolución de problemas, as habilidades sociais... Adaptaremos los materiais escritos de uso común para que os poidan utilizar, modificando a presentación, o contido...

Potenciaremos o emprego de materiais máis acordes coas capacidades do alumno.

No tocante a recursos didácticos utilizaremos todo o que poida ser eficaz e significativo para o alumno:

- Materiais impresos: Sistemas aumentativos de comunicación (SAC), libros, láminas, fichas, contos, periódicos, fotos...
- Materiais manipulativos: recortables, cartolinas, obxectos contables, pinturas, plastilina, material reciclable...
- Materiais audiovisuais: CDs, vídeos, presentacións. Ademais utilizaremos as novas tecnoloxías da información, como software educativos APPs específicas, para traballar las funciones executivas, polo seu alto grado de motivación para o alumnado.

7. COORDINACIÓN CON PROFESORADO, FAMILIAS E RECURSOS EXTERNOS.

Profesorado: mediante reunións do DO e entrevistas con titores/titoras.

Familias: nas reunións de tutoría que sexa conveniente a presenza de PT ou por convocatoria da mestra de PT.

Recursos externos: Servizo de Saúde, gabinetes externos, nos termos establecidos polo DO.

8. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN.

Para alumnado de TDAH

- Realizaranse actividades significativas relacionadas cos seus coñecementos previos e relevantes para a súa vida cotiá, para o que é fundamental prestar tempo en coñecer os seus intereses, gustos, afeccións, necesidades, cuitas...
- Elaborar actividades que impliquen a participación activa do alumno ou alumna.
- As tarefas deben estar organizadas ao máximo, sendo curtas, graduadas en dificultade e en formatos simplificados para evitar o exceso de información que poida exceder a súa capacidade de atención sostida e xerar aburrimiento.
- Posibilitar o aprendizaxe verbal interactivo: diálogos, tertulias, etc.
- Proporcionar pistas visuais.
- Facer unha corrección mediante unha linguaxe positiva para aumentar a autoestima e baixar a frustración.
- Cando o neno se sinta demasiado frustrado como para terminar un traballo, asignarlle outra actividade menos complicada para que poida experimentar algo de éxito antes de volver á tarefa orixinal. De ser necesario deberemos darlle tempo fóra, é dicir, poder deixar que faga un recado, descanso, ou unha pequena actividade de relaxación.
- Ir aumentando o nivel de esixencia de acordo cos resultados obtidos.

Alumnado TEA

- Empregar SAAC como pictogramas para traballar as rutinas diarias tanto na escola como na casa, secuenciando as accións sucesivas que se van levar a cabo tanto ao longo da xornada, como no traballo persoal, no cal non haberá improvisación e estará planificado e estruturado pero flexibilizando os formatos (oral, escrito, dixital, manipulativo...).
- Traballar con sistemas de comunicación aumentativa como fotografías, láminas e diversos materiais gráficos ou APPs que faciliten o traballo diario en aula.
- Traballar a lectura con contos visuais adaptados con pictogramas que faciliten a comprensión lectora.
- Ensinar estratexias de comprensión e de elaboración de textos orais e escritos: emprego de conversas en formato historieta, marcadores de cor para destacar o importante do texto, ofrecer guións ou plantillas para elaborar diversos tipos de textos, traballar a imaxinación a través do vivido xa que é máis sinxelo modificar unha vivencia que inventar unha historia.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Simplificar a linguaxe das actividades eliminando a información redundante ou menos importante.
- Posibilitar lecturas relacionadas cos seus intereses e gustos persoais.
- Evitar corrixir en exceso a grafía fronte ao contido e dar opcións alternativas como o emprego de TIC-TAC.
- Organizar a información dun problema matemático en DATOS-OPERACIÓN-RESULTADO.
- Incluír os seus centros de interese nos enunciados dos problemas ou nas operacións de cálculo incluso coa axuda de imaxes.
- Elaborar táboas de términos e operacións relacionadas con eles, por exemplo, mercar e sumar ou perder, regalar é restar.
- Presentar actividades multinivel. Hai alumnado TEA que pode destacar nunha materia ou destreza, por exemplo no cálculo, polo que se fará preciso presentar tarefas máis complexas para evitar a desmotivación.

Alumnado Dificultades na Aprendizaxe.

- Exercicios para o traballo das capacidades básicas: atención, memoria, percepción, discriminación visual...
- Exercicios motores que favorezcan la grafomotricidade, direccionalidade do trazo...
- Exercicios para a adquisición dun método lecto-escritor que permita ao alumnado acceder a diferentes tipos de mensaxes.
- Exercicios para a tradución do fonema ao grafema e ao revés.
- Exercicios de lectura comprensiva, que favorezcan a comprensión de aquilo que len, sendo así máis autónomos tanto na realización doutras tarefas escolares como na vida diaria.
- Redacción de feitos, estados de ánimo, relatos curtos, contos...
- Exercicios léxicos-semánticos que fomenten o aumento do vocabulario, o coñecemento de campos ou categorías semánticas, a formación de familias léxicas, así como a comprensión de ordes ou narracións.
- Tarefas para o coñecemento e afianzamento das regras ortográficas, atendendo ao nivel madurativo de cada alumno/a.
- Fomentar un discurso oral coherente.
- Exercicios sobre numeración, que axuden aos nenos a identificar os números e o valor posicional de cada unha das súas cifras.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Realización de operacións, que axuden aos alumnos a resolver problemas de diversa índole, atendendo ao nivel de cada un.
- Resolución de problemas que poidan axudar ao alumnado a ser máis independentes na súa vida diaria.
- Exercicios que favorezan a autonomía do alumnado no contexto social, como poden ser rol-playing; representacións de situacións cotiás...

9. AVALIACIÓN DO PROGRAMA.

A avaliación será global, formativa e continua. Estableceranse tres momentos fundamentais:

- Avaliación inicial a cal será punto de arranque para orientar as decisións curriculares e para a elaboración dos PTI de cada un dos alumnos.
- Avaliación continua co obxectivo de comprobar os progresos, dificultades, regresións..., que acontecen no proceso de ensinanza aprendizaxe. Os criterios de avaliación serán sacados dos PTI tendo en conta os obxectivos perseguidos para cada un dos alumnos. O instrumento de avaliación será a observación das actividades diarias. De non ser positiva, deberase reorientar tanto a programación, no referido aos obxectivos e contidos, como a metodoloxía. Esta avaliación será levada a cabo en colaboración co resto do profesorado que incide no noso alumnado PT.
- Avaliación final. Ao finalizar o curso valorarase a consecución dos criterios de avaliación da programación. Analizando a información recollida a lo longo do curso nos diferentes proxectos traballados e no caderno do mestre. A mestra PT realizará un informe de avaliación individualizado concretando o nivel de competencia curricular adquirido polo alumno nas áreas traballadas, as dificultades atopadas, así como propostas de mellora para o vindeiro curso.
- Avaliación da práctica docente: Durante o curso realizarase unha avaliación que consistirá en un exercicio de análise e reflexión, por parte da mestra Pt xunto ao resto do equipo docente sobre a propia práctica docente e o funcionamento do planificado, valorando os seguintes elementos: Axustouse a programación ás características do alumnado?, acadáronse os obxectivos propostos?, foi necesario introducir cambios durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe?, o sistema de avaliación foi o adecuado?, houbo unha boa e produtiva

CEIP Plurilingüe "O Mosteirón"

comunicación coas familias?, houbo unha adecuada coordinación entre os distintos profesionais que traballan co alumnado?

PROCEDEMENTOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN:

- Reunións periódicas con titores segundo determine xefatura de estudos.
- Participación sistemática nas avaliacións dos grupos con alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Reunións semanais co Departamento de Orientación.
- Reunións periódicas cos gabinetes externos.
- Observación directa do alumnado tanto en aula como no tempo de lecer.
- Análise das tarefas para a análise dos procedementos que emprega o noso alumnado.
- Determinación das axudas e grao das mesmas que o alumnado necesita para a realización das tarefas (verbais, visuais, manipulativas...)

AL

Identificación das necesidades.

1.1. Necesidades del alumnado: 7 alumnos/as con NEE permanentes asociadas a TEA, atraso global do desenvolvemento, TEL con comorbidade en TDAH, TEL, Trisomía completa do cromosoma X, e dislexia.

Ademais, detéctanse numerosas necesidades temporais asociadas a alteracións na fala e na linguaxe coma dislalias, atrasos da linguaxe, disfemia, disortografía, que, debido ao mes no que nos encontramos e ao elevado número de alumnado, aínda non foron avaliados na súa totalidade.

1.2. Necesidades de las familias: necesidade de manter e fomentar a comunicación e coordinación cas familias, implicándoas ao máximo no desenvolvemento das programacións dos alumnos.

1.3. Necesidades do centro: necesidade de potenciar o enfoque inclusivo co fin de que impregne tanto a planificación como a posta en práctica dos procesos de ensinanza aprendizaxe. Tamén falamos da necesidade de manter a coordinación interprofesional entre o profesorado, así como cos axentes externos.

2. Obxectivos.

Tendo en conta estas necesidades, formularemos os seguintes obxectivos:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

1. Colaborar coa xefa do DO nas avaliacións iniciais e avaliacións psicopedagóxicas do alumnado atendido o curso pasado, o que non puido ser atendido, e as novas incorporacións ao centro.
2. Realizar a valoración do alumnado de 6º EI para detectar precozmente posibles dificultades na súa linguaxe oral (articulación) e así ofrecer unha axeitada atención preventiva. Atender a este alumnado no caso de que exista dispoñibilidade horaria, sempre dunha forma proactiva.
3. Realizar una avaliación do alumnado de 1º de E.P. para detectar posibles dificultades na súa linguaxe oral, co fin de superar posibles hándicaps para o proceso lectoescritor.
4. Intervir directamente co alumnado que presenta algún tipo de dificultade nas áreas comunicativo-lingüísticas.
5. Coordinarse co DO do centro, titores e mestres especialistas que así o requiran.
6. Coordinarse cos servizos externos aos que acode o noso alumnado fóra do horario escolar (sempre e cando sexan entidades colaboradoras coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade).
7. Asesorar ao profesorado e ás familias sobre as posibles dificultades na linguaxe e no desenvolvemento do alumnado.
8. Impulsar a realización de actividades a nivel de centro para promover a inclusión do alumnado: Día da Discapacidade, Día do Autismo, etc.

Unha vez vistos os obxectivos propostos para este curso, pasamos a explicar máis polo miúdo as actuacións máis salientables que nos axudarán a consecución dos mesmos.

2.1. Outros obxectivos xerais.

O obxectivo principal que nos propoñemos, como mestres de apoio de AL, é lograr o máximo desenvolvemento da competencia comunicativo-lingüística co fin de favorecer e potenciar a inclusión do alumnado.

3. Contidos.

1. Compoñente lingüístico que comprende diversas dimensións: léxica, gramatical, semántica, fonética, fonolóxica e ortográfica.
2. Compoñente pragmático-discursivo que contempla tres dimensións: *Sociolingüística* (adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); *pragmática* (microfuncións comunicativas e esquemas de interacción) e *discursiva* (macrofuncións textuais e cuestión relacionadas co xénero discursivo).
3. Compoñente socio-cultural: coñecemento do mundo.
4. Compoñente estratéxico, que permite ao alumnado superar dificultades e resolver problemas que xurdan no acto comunicativo: destrezas e estratexias comunicativas para a

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

lectura, escritura, fala, escoita e conversa; así coma destrezas vinculadas ao tratamento da información.

4.- Competencias clave.

O tratamento das competencias clave será unha prioridade fundamental á hora de deseñar, implantar e avaliar este programa dado que vanlle permitir ao alumnado a aplicación, nos diferentes contextos, dos saberes que vaia adquirindo. Cada unha das áreas curriculares contribuirá ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias clave acadarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

5.- Metodoloxía.

Partiremos dunha axeitada avaliación, co fin de establecer os obxectivos a traballar, así como os intereses e puntos fortes do noso alumnado. Haberá que ofrecerlle ao alumnado unha resposta educativa axeitada ás súas características, capacidades e necesidades, respectando o carácter normalizador e integrador da educación.

Traballaremos para acadar unha aprendizaxe activa, significativa, funcional, buscando a xeneralización das aprendizaxes, a través do xogo e de distintos materiais. Algunhas das pautas metodolóxicas son:

- Empregar a comunicación total entendida esta coma calquera forma de expresión e comprensión que facilite a comunicación co alumno.
- Incentivar e valorar calquera forma de expresión do alumno para motivalo cara outras intervencións.
- Axustarse o ritmo de aprendizaxe e as necesidades do alumnado.
- As actividades serán curtas e variadas coa intención de no cansar ao alumnado. Non pasaremos a actividades máis complexas ata non superar as máis sinxelas. Con isto quérese destacar o carácter secuencial da nosa intervención.
- Motivar ao alumnado para que vexa a súa aprendizaxe e os seus avances: aprendizaxe funcional e secuencial.
- Partir dos intereses e coñecementos do alumnado buscando unha aprendizaxe construtiva onde prime o gusto por aprender.
- Traballar sempre co obxectivo de mellorar a autoestima e o autoconcepto do alumnado.

6.- Organización.

Os apoios de AL, pola súa especificidade, lévanse a cabo fóra da aula ordinaria. Estes apoios poderán organizarse de xeito individual, en pequeno ou gran grupo; sempre dependendo das necesidades que xurda de xeito individual no alumnado.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

O número de sesión depende tamén de ditas necesidades, variando de una a cinco sesións semanais.

7. Avaliación.

A avaliación será:

- Inicial para determinar as necesidades tanto do alumnado, coma do centro e do contexto.
- Continua e formativa: co fin de adaptar á resposta educativa ás necesidades cambiantes do alumnado.
- Final: ao rematar o curso para avaliar o grao de concesión dos obxectivos e a nosa propia práctica docente.

No caso do alumando con NEAE a avaliación rexerase polo establecido con carácter xeral. Nas ACS, farase en función dos criterios de avaliación individualizados.

26. Plan anual de actividades extraescolares e complementarias.

O obxectivo que nos marcamos para este curso escolar é:

- Crear situacións de aprendizaxe nas que a través de contidos motrices integren nas súas rutinas diarias hábitos saudables.
- Medidas:
 - Continuar cos descansos activos no horario lectivo: milla diaria, actividade física na aula.
 - Intentar vincular as conmemoracións do centro a actividades motrices.
 - Promover unha alimentación saudable.
 - Desenvolver os patios dinámicos para favorecer a integración do alumnado.
 - Patios activos para favorecer a participación en xogos motores do alumnado.

As actividades previstas para este ano académico son:

TRIMESTRE	MES	DATA	NIVEL/ CICLO	ACTIVIDADE
PRIMEIRO TRIMESTRE	SETEMBRO	25/09 ao 06/10	1º a 3º ciclo. (nalgúns niveis)	Coñece ao teu club “TERRA” Sports Academy
	OUTUBRO	05/10	5º Nivel	D.I. da Parálese con ASPACE
		17/10	6º Nivel	Reserva da Biosfera
		16/10 ao 20/10	Todos	Coñece ao teu club: “100tolos” (esgrima)

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

		21/10	Comunidade Educativa	Carreira ENKI en A Coruña
		11/11	Todos	Magosto e día do Peón
	NOVEMBRO	25/11	Todos	Día I. Contra a violencia de xénero
		28/11 ao 02/12	Todos	ENKI no cole D.I. Personas con diversidade funcional
		DECEMBRO	21/12	C. Educativa
			1º Ciclo	Museo de Belas Artes e “Paralimpiadas na UDC”
			3º Nivel	Planetario
			4º Nivel	MUNCYT
		18 ao 21/12	3º Ciclo	Charla dun organizador de trekkings nepalí.
			3º Ciclo	Visita guiada a Sargadelos
SEGUNDO TRIMESTRE	XANEIRO	30/01	Todos	D.I. Da Paz e da non violencia

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

	FEBREIRO	09/02	Todos	Entroido
	MARZO	08/03	Todos	D.I. da Muller
			1º Ciclo	Casa das ciencias + Planetario
			3º Nivel	MUNCYT
			4º Nivel	SOGAMA
			5º Nivel	Pleno no concello de Sada.
		18 ao 21/03	6º Nivel	CEIDA: Un novo mundo por descubrir
			E. Infantil	Visita á Domus
	TERCEIRO TRIMESTRE	ABRIL	22 ao 26	Todos
MAIO		13 ao 17	Todos	Semana das letras galegas
		31	E. Infantil	Granxa coentina
XUÑO		20	C. Educativa	Festa fin de curso.
			1º Ciclo	Brañas de Valga
			2º Ciclo	CÓRAX
			5º Nivel	Curso de vela

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

	5º Nivel	MUNCYT
	6º Nivel	Xornadas de deporte adaptado

AO LONGO DO CURSO		Feira matemática- El, 1º B, 2º, 5º, 6º.
	3º ciclo	Feira da ciencia
		Visita a un periódico/radio.
		Charla por parte da ONG “Viaje hacia la vida”
	3º Ciclo	Visita ao pazo de Meirás.
		Coñece o meu club (pendentes de confirmar a data para a presentación dos clubs e entidades deportivas da contorna)
	Todos	Concertos didácticos.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Esta programación é aberta e flexible, polo que se atopamos algunha actividade que teña relación cos obxectivos acordados e que poida realizarse, seguiremos as vías pertinentes para levala a cabo.

27. Biblioteca escolar

1. Obxectivos

Este documento recolle as necesidades actuais relacionadas coa lectura, as medidas que se están a realizar e a súa avaliación.

Actualmente o centro está inmerso no PLAMBE dende o curso 2017/2018, asegurando un cambio importante no funcionamento da biblioteca escolar, así como os seus recursos e a súa dinamización.

Toda a comunidade educativa está involucrada no desenvolvemento eficaz da biblioteca.

En canto ao noso alumnado, como norma xeral, as familias están implicadas na educación dos seus fillos e valoran o ensino regrado como punto base para o futuro dos nenos e nenas.

O alumnado deste centro presenta unhas características singulares tales coma un uso importante da lingua castelá, unha situación socioeconómica e cultural media e nalgúns casos alta e coa posibilidade de acceder a diferentes actividades de ocio fóra do colexio.

O noso alumnado, polo xeral, ten un bo nivel lector e na maioría dos casos hai unha estimulación positiva por parte das familias. Non obstante, obsérvase que cada ano, outros elementos interfieren negativamente no tempo de lectura do alumnado, como pode ser, por exemplo, o uso das pantallas e videoxogos

A comprensión lectora dos textos tamén é bastante boa. No caso do alumnado con dificultades no razoamento, comprensión ou lecto-escritura, trátase de favorecer o proceso de comprensión lectora facilitándolles libros axeitados ás súas capacidades e necesidades.

Poténciase moito a lectura a nivel de biblioteca de aula, con intercambio de libros entre eles, facendo un seguimento riguroso e temporalizado de cada libro lido.

Nótase unha certa preferencia nos alumnos en coller libros escritos en castelán. Incídese neste tema recomendando a alternancia de lecturas en castelán e galego para poder así acadar as mesmas competencias nas dúas linguas; e tamén motivando ós nenos/as a coller libros en inglés, dado o carácter plurilingüe do centro.

Os obxectivos do centro están divididos nas seccións establecidas nas instrucións de principio de curso de setembro do 2023:

A biblioteca como “centro creativo das aprendizaxes”

- a. Fomentar o coñecemento e a transversalidade do PDI (Vila Olímpica Mosteirón) como eixe vertebrador das actividades de centro e da propia biblioteca:
 - Deseño de diferentes actividades ALFIN co fin de fomentar a busca de información relacionado coas olimpíadas (Inauguración, exposicións, busca de tesouros, scape room...
 - Obradoiros de contos e escritura que falen das olimpíadas.
 - Búsqueda de recursos relacionados coa temática do noso PDI.

- b. Garantir unha variedade de recursos bibliográficos e dixitais relacionados cos contidos do currículo ou puntos de interese do alumnado.
 - recomendacións lectoras
 - Aportacións do equipo docente e do alumnado para a selección de libros e recursos a mercar.
 - Ampliar a dotación de libros do apartado de materias para a Biblioteca Escolar .
 - Oferta de recursos para o profesorado e alumnado de produción propia, bibliográficos e dixitais, segundo as necesidades académicas e emocionais.

- c. Diseñar actividades que fomenten a lectura centrándonos nas distintas conmemoracións tales como a semana do libro.
 - Visitas de autores e autoras.
 - Obradoiros de escritura.
 - Teatros.
 - Contacontos.
 - Apadriñamento lector.
 - Hora de ler.
 - Itinerario lector.
 - Mochilas viaxeiras.
 - Maletas viaxeiras dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares e CEIDA.
 - E-LBE.2

- d. Desenvolver e fomentar o uso do espazo STEAM:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Robótica e deseño de circuítos.
 - Creatividade de construcións con movemento con LEGOS que fomenten a creatividade e a produción de textos.
 - Retos matemáticos orientados aos diferentes ciclos que fomenten o pensamento matemático.
 - Oferta de retos que leven ao alumnado ao coñecemento do método científico.
 - Actividades orientadas ás artes (debuxando, pintando, creando con fíos, cordas,...)
 - Amosar a utilidade do chroma na creación de vídeos.
 - Dar a coñecer os recursos dispoñibles.
- e. Desenvolver a competencia informacional a través de recursos TIC como ferramenta didáctica:
- Traballos coa realidade aumentada.
 - Uso das tablets para busca de información e creatividade.
 - Robótica.
 - Creatividade de códigos QR.
- f. Continuar coa creación dunha biblioteca inclusiva:
- Sinalización con pictogramas.
 - Deseño de actividades axeitada ao alumnado NEAE.
 - Oferta de recursos para o profesorado e o alumnado NEAE.
 - Busca de libros axeitados para o alumnado NEAE.
 - Busca de xogos de mesa axeitados a este alumnado.
- g. Dinamizar a radio escolar:
- Realización de podcasts.
 - Recomendacións lectoras.
 - Anunciar as novidades da biblioteca.
 - Lectura de contos.
 - Entrevistas.

Organización da biblioteca escolar:

- a.** Actualizar os documentos de centro relativos á biblioteca
- Plan Anual de Lectura.
- b.** Continuar informando ao alumnado e as súas familias a través do:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- blogue da biblioteca
- boletíns de novidades
- redes sociais

c. Coordinar co equipo docente as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto lector de Centro

- Actividades e recursos para a Hora de Ler
- Posta en marcha do Apadriñamento Lector
- Favorecer o desenvolvemento do itinerario lector mediante teatros e contacontos que favorezcan a comprensión lectora do alumnado.

d. Seleccionar os días de conmemoración por parte da biblioteca que den a oportunidade de formar ao alumnado como lectores e escritores relacionados coa Axenda 2030 da ONU.

- Semana do libro (do 22 ao 26 de abril)
- Día contra a Violencia de Xénero (25 Novembro)
- Día internacional da diversidade (3 decembro)
- Día internacional da muller (8 marzo)
- Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 xaneiro)
- Día Universal da Infancia (20 novembro)
- Mes da ciencia en galego (Novembro)
- Día de Rosalía (23 de febreiro)
- Día das Letras Galegas (17 de maio)
- Semana da Prensa (do 4 ao 8 de marzo)
- Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño)

Xestión técnica e patrimonio bibliográfico

- a. Continuar coa ampliación da sección de materias.
- b. Aumentar a porcentaxe de libros en galego
- c. Continuar coa labor de expurgo.
- d. Crear un apartado que fale das olimpíadas e deportes con libros que poden ser de interese ao alumnado.

Profesorado responsable da biblioteca escolar e o alumnado voluntario

- a. Aumento, na medida do posible, do número de mestres e mestras que participen no equipo de biblioteca.
- b. Aumento da dotación horaria deste profesorado.
- c. Posta en marcha do equipo de alumnado voluntario que colabore na biblioteca.

Avaliación

Ao final de curso realizarase unha avaliación do grao de consecución dos obxectivos e unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca na que participe toda a comunidade educativa utilizando enquisas.

Os obxectivos xerais para o alumnado son os seguintes:

- Empregar a lectura como instrumento para a construción persoal de saberes, para organizar o propio pensamento e para aprender a resolver conflitos e a convivir.
- Garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden acadar cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.
- Capacitar ao alumnado para saber enfrentarse a calquer tipo de texto: literario, informativo, científico...
- Dotar ao alumnado de posibilidades de manipular indistintamente as dúas linguas oficiais da comunidade, o galego e o castelán, atendendo tamén a inmersión nas linguas estranxeiras.
- Considerar a biblioteca do centro como lugar de lectura, fonte de información e aprendizaxe, facendo que sexa un espazo necesario no transcurrir diario do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Espertar nos nosos alumnos o gusto pola lectura de todo tipo de textos.
- Asegurar que o alumnado ao final da etapa de Educación Primaria teña adquirido o hábito lector e que conte coas estratexias necesarias para considerárense bos lectores.
- Formar lectores que acaden autonomía na aprendizaxe.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN

A biblioteca atópase no segundo andar do edificio, accesible por escaleiras ou ascensor. O espazo permite variacións debido ao seu gran tamaño, os anexos dos que dispón así como o mobiliario polivalente.

A biblioteca ten aproximadamente 100m cadrados dividido nunha ampla zona literarias que está dividida nas seguintes seccións:

- zona azul: primeiros lectores
- Zona vermella: lectores autónomos.
- Zona verde: lectores expertos.
- Zona Amarelo - materias (libros de información)
- Zona rosa - comics
- Zona verde claro - libros de lingua estranxeira; inglés.

Ademais, conta cos seguintes apartados:

- Zona de TIC; con tablets para a busca de información.
- Zona de ludoteca no espazo exterior con xogos de mesa, cartas, parede de Lego...
- Zona de STEAM con mesa de luz, audioteca, recursos creativos, recursos robótica...

No centro da biblioteca contamos cun mostrador no que se sitúan cintas de vídeo, D.V.D, C.D; así como material elaborado polo alumnado.

A biblioteca é tamén un dos lugares no que se poden realizan proxeccións, posto que nela está ubicada unha pantalla, e atópanse rexistrados, nun apartado especial, un amplo número de cintas de vídeo, D.V.D. e material didáctico que é empregado como apoio educativo nas diferentes áreas e clases.

Para complementar a lectura do alumnado crearase un espazo exterior no tempo de lecer onde as nenas e nenos poderán dispoñer e desfrutar de material de lectura (bibliopatio).

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

A continuación expóñense as liñas prioritarias elaboradas en xuño do curso 2022/2023 polo equipo da biblioteca.

Organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”

- Crear un equipo de biblioteca estable, coa representación dun docente de cada ciclo.
- Fomentar a creación de reunións entre coordinadores dos diferentes equipos de coordinación do centro.
- Informar á comunidade educativa das actividades e proxectos propostas pola biblioteca mediante reunións de CCP, ciclo....
- Establecer un equipo estable de alumnos e alumnas do terceiro ciclo como colaboradores/as da biblioteca.
- Dinamizar a nova zona STEAM incrementando o número de actividades asociadas ao PDI, produción de textos e creatividade en xeral.
- Fomentar o uso da radio escolar.
- Dinamizar os recursos TIC; chroma, apps, impresora 3D.
- Continuar coa labor de expurgo.
- Explorar as diversas oportunidades do currículo para a escritura creativa.

Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e súa contribución á alfabetización múltiple e no desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

- Fomentar o uso da biblioteca como espazo de adquisición das competencias clave.
- Continuar coa coordinación e dinamización do PDI do centro.
- Promocionar o blogue da biblioteca para toda a comunidade educativa. -
- Continuar coa Hora De Ler, incorporando novas actividades e opcións que axuden a aumentar o interese pola lectura.
- Dinamizar os diferentes espazos de lectura.
- Continuar coas visitas de profesionais do mundo literario.
- Fomentar o uso da radio escolar como recurso para traballar a oralidade.
- Continuar coa implantación do itinerario lector, aportando actividades e recursos.
- Continuar fomentado as actividades de oralidade (teatro).
- Empregar e fomentar o uso da plataforma dixital de lectura E-ELBE.2

Fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro – lectura, escritura, habilidades de uso, tratamento e produción de información.

- Xornada de portas abertas dando a coñecer as posibilidades da biblioteca.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Ao inicio de curso, formar a toda á comunidade educativa sobre o uso, posibilidades e aproveitamento dos recursos da biblioteca.
- Continuar co horario da visita semanal, intentar ampliar a dúas horas continuadas.
- Creación de bibliotecas de aula con recursos axeitados.
- Traballar de forma coordinada co EDLG.
- Continuar co programa Apadriñamento lector, bibliopatio e mochilas viaxeiras.
- Fomentar traballos de investigación, facilitando modelos e procurando ter os recursos axeitados.
- Continuar coa implantación do PDI, ofrecendo actividades e recursos.

En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

- Fomentar os recursos que traballen valores, xestión de emocións, igualdade de sexos, diversidade cultural....
- Continuar coa labor de integrar pictogramas na infografías da biblioteca.
- Ao rematar unha actividade proposta pola biblioteca, levar a cabo unha valoración por parte dos participantes.
- Colaborar na continuidade do programa “Perros e Letras”

Outras actuacións

- Fomentar hábitos de recollida e orden en relación con toda a comunidade educativa.
- Continuar coa formación de usuarios facendo da Guía de Usuarios un documento vivo e en formación continua.
- Creación dunha sección para as familias.
- Continuar traballando de forma coordinada cos programas de centro.

Critérios e procedementos de avaliación:

- Enquisa de avaliación por parte do alumnado no mes de maio.
- Enquisa das familias sobre os hábitos lectoras da familias, avaliación de funcionamento da biblioteca, necesidades detectas....no mes de maio.
- Autoavaliación por parte do equipo de biblioteca en relación cos obxectivos do curso actual.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

4. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas:

a. Actividades na hora da biblioteca ou na Hora de ler

Cada aula conta cunha **biblioteca de aula** con libros escollidos polo profesorado e guiado polo equipo de biblioteca. Estes libros serán renovados, como mínimo, cada trimestre e sempre atendendo aos intereses e necesidades académicos e emocionais do alumnado

No curso 2018/2019, estableceuse a **Hora de ler** que consiste nunha hora diaria para o desenvolvemento de actividades de lectura de forma colectiva ou individual tanto en Educación primaria como en infantil. A hora de ler é de 20 minutos despois do tempo de lecer, nel que está involucrado todo o profesorado tanto titores como especialistas atendendo deste xeito ás tres linguas do centro plurilingüe.

Establécese cada ano un **horario de biblioteca** para que cada titoría poda acudir, como mínimo, unha hora á semana contando, se se prefire, coa presenza dun membro do equipo da biblioteca. Neste tempo realízase o préstamo de libros, actividades de formación de usuario, actividades de animación á lectura e investigación relacionadas co PDI ou traballos de aula.

O alumnado tamén pode acudir á biblioteca durante o tempo de lecer. Neste tempo o alumnado utiliza os recursos dixitais e bibliográficos para a lectura e investigación. Grazas á presenza dos membros do equipo durante este tempo, pódense realizar actividades relacionadas con diversas conmemoracións, obradoiros de escritura e lectura e recomendacións literarias.

O préstamo de libro comeza en 1º de educación primaria tras a inauguración da biblioteca cun acto relacionado co PDI do centro. En ocasións, o equipo de biblioteca prepara unha variedade de contos ou libros de información que recollen as necesidades da aula ou ben os intereses do alumnado. Cada alumno/a pode levar un máximo de dous libros durante un periodo de 15 días.

b. Actividades de lectura compartida (acompañamentos lectores, lectura en parella)

Continúase coa implantación programa do **apadriñamento Lector**.

Ademais este curso propónse realizar unha actividade de contacontos en parella ou pequenos grupos na **radio escolar** relacionados coas conmemoracións do centro; Samaín, Día de no violencia, nadal.....

En xeral, as actividades de animación á lectura e comprensión lectora desenvólvense do seguinte xeito:

Antes da lectura:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Observación e lectura da portada (título, autor/a, ilustrador/a)
- Coñecementos previos
- Formulación de hipóteses sobre o contido do conto. Durante a

lectura:

- Comprensión do contido do conto.
- Relación sobre os coñecementos previos e a nove información. Despois da lectura:
- Actividades de comprensión
- Talleres de escritura

5. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura.

O equipo da biblioteca está formada por 7 mestres e mestras das dúas etapas educativas do centro:

Educación Infantil: Sabela Suárez González-Sierra e María Teresa Carpena Eiroa

1º e 2º nivel: Irene Zas Andrés

3º e 4º nivel: Patricia Somoza Argibay

5º e 6º nivel: Tania García Miñán , Jose L. García González e Laura Campello Fraga (Coordinadora).

O equipo reúnese de forma periódica para a planificación e programación das actividades a desenvolver. Cada membro conta con, ao menos, unha hora á semana para desenvolver traballos necesarios para o bo funcionamento da biblioteca así como para levar a cabo actividades de fomento e animación á lectura, investigación, formación e asesoramento.

Na actualidade o horario dos membros do equipo da biblioteca é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª		Jose			
2ª	Laura Jose			Laura	Laura
3ª				Irene Teri	Patricia
4ª		Teri	Teri Laura	Tania	Sabela
5ª	Teri				

O horario de visitas por tutorías é a seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2ª			6ºB	4º EI	6º EI
3ª	4º A			1ºA	3ºB
4ª	2ºA	5º EI	5º A	4ºB	
5ª	3ºA	6º A	2º B	5º B	1º B

6. ITINERARIOS LECTORES

En educación infantil non se establecen libros de itinerario lector xa que se realizan lecturas de diferentes xéneros de forma globalizada.

En educación primaria os libros escollidos atenden á diversidade de xénero que ofrece o mundo literario así como as dúas linguas. Quedan establecidos os seguintes títulos que serán traballados na aula con posterior traballo:

1º Educación Primaria

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
O Cociñeiro Martiño e as cenorias desaparecidas.	Iago López, Marcus Romero	Xerais
Rapunzel con piojos.	El Hematocrito.	Anaya

2º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
As fábulas de Esopo	Xosé Ballesteros	Kalandraka
Isadora Moon celebra su cumpleaños.	Harriet Muncaster	Alfaguara

3º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
Animalotes	Aaron Blabbey	Anaya
Pioneiras	Anair Rodríguez	Xerais
Los lunares de Renata	Rafael Cuadrado	Santillana

4º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
Lo que dice el viento.	Carlos Reviejo.	Anaya
Cambiache o conto	Pinto e Chinto	Xerais
Palabras de caremelo	Pinto e Chinto	Xerais

5º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
O Agasallo de Anya	Sabela Núñez Singala	Galaxia
Escarlatina, la cocinera cadáver	Ledicia Costas	Xerais
A señorita Bubble	Ledicia Costas	Anaya

6º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
Marea negra	Ana Alonso	Anaya
A señorita Bubble	Ledicia Costas	Anaya

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

A folla azul	Andrea Maceiras	Xerais
--------------	-----------------	--------

7. Actividades programadas e temporizadas:

Os días de conmemoración por parte da biblioteca que den a oportunidade de formar ao alumnado como lectores e escritores relacionados coa Axenda 2030 da ONU. As propostas estarán temporizadas do seguinte xeito:

1º TRIMESTRE		
SETEMBRO / OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
<p><u>Inauguración / PDI:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - formación de usuario alumnado e profesorado (CDU, ubicación) <p>Maleta viaxeira literaria (CEIDA)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apertura de zona STEAM. <p>-Mochilas viaxeiras</p> <p>-Boletín novidades Samaín</p>	<p>-Maleta viaxeira literaria (CEIDA)</p> <p>-Mes da ciencia</p> <p>- 25N</p> <p>- PDI: Contacontos Boletín novidades</p>	<p>- Maleta viaxeira de Bibliotecas Inclusivas</p> <p>- Nadal: Recomendacións lectoras. Contacontos</p> <p>-Día da diversidade</p>

2º TRIMESTRE		
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
<p>Maleta viaxeira de creatividade.</p> <p>- Día da Paz</p>	<p>- Día de Rosalía de Castro</p>	<p>- Día da Muller</p> <p>Semana da prensa</p>

3º TRIMESTRE		
ABRIL	MAIO	XUÑO
Semana do libro	Día das letras galegas	Día Mundial do Medio Ambiente

8. Recursos e materiais

A biblioteca do centro conta cos seguintes recursos:

Libros: narrativa, consulta, comics, libros en inglés.

TIC: tablets para a busca de información de

RRSS: Web do centro, Instagram, blogue

Xogos: Variedade de xogos de mesa na Ludoteca e parede de LEGO

Zona STEAM: mesa de luz, zona robótica, espazo creativo, material de ciencias e natureza e xogos de mesa.

Zona Oralidade: Kamishibai, tela chroma, teatrillo e caixa de sombras.

9. LER EN FAMILIA

A biblioteca do centro ten un horario que permite o acceso ás familias durante as gardas de tarde do profesorado.

As actividades deseñadas para fomentar a lectura nas casas son as seguintes:

- Mochilas viaxeiras
- Recomendacións lectoras
- Páxina web: boletíns de novidades
- Instagram
- Creación da comisión da biblioteca
- Creación dunha sección de libros da “escola de familias”

10. AVALIACIÓN:

Avaliaranse os seguintes aspectos relacionados co funcionamento da biblioteca:

- Número de préstamos realizados por curso académico

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Adecuación das actividades programadas polo equipo de biblioteca
- Implicación do alumnado nas actividades propostas

de avaliación:

- Rexistro de número de préstamos

Enquisas para os titores:

- Resúltache doado atopar un libro de lectura (contos)?
- Resúltache doado atopar un libro de materia (información)?
- Das seguintes actividades, en cales participaches? (Pódese escoller máis dunha opción)
- Valoración das actividades
- Foi posible seguir o horario da visita semanal á biblioteca?
- Resultan útiles os materiais da biblioteca para o teu traballo na aula?
- Está a biblioteca integrada nas actividades curriculares?
- Resúltache doado acceder o programa MEIGA para os préstamos e devolucións de libros?
- Estarías interesado/a en recibir formación sobre o uso do programa MEIGA?
- A biblioteca dispón de espazo e equipamentos adaptados as necesidades do alumnado?
- Dispós de biblioteca de aula?
- Resúltanche útiles as recomendacións mensuais?
- Está adaptada ás necesidades dos docentes?
- Que outras actividades incluírías?
- Que temática precisamos máis libros para a sección de materias?

Enquisas para o alumnado:

- Gústache acudir á biblioteca?
- Resúltache doado atopar un libro de lectura (contos)?

Que temática de libros che gustaría ter na biblioteca?

- Resúltache doado atopar un libro de materia (información)?
- Dispós de tempo para o préstamo de libros na biblioteca?
- Dispón a biblioteca de diferentes espazos para..... (pódese esoller varias opcións)
- Tedes unha biblioteca de aula?
- Participación nas actividades
- Valoración das actividades
- Que tipo de actividades che gustaría facer na biblioteca?

As conclusións das enquisas e da avaliación final incluíranse na memoria de final de curso para a súa utilización o vindeiro curso

28. Tecnoloxías da información e comunicación

- Impulsar un uso máis produtivo da aula virtual en todos os niveis, coma un recurso máis.
- Dinamizar a aula TIC para que haxa un maior uso da mesma. Novidades:
 - a. temos mellores equipos
 - b. conexión á rede sen fíos (máis espazo nas mesas para traballar)
 - c. novo software (comic)
 - d. creación de usuarios para utilizar Tinkercad (programa deseño 3D)
- Crear un “Equipo TIC” de alumnos.
 - Crear un equipo con alumnos que teñan boa competencia dixital e poidan resolver dúbidas dos/as compañeiros/as. Facer un Canva convocando ás persoas interesadas en formar parte deste grupo
 - Podemos facer un caixa de corre onde se poidan deixar dúbidas pero tamén suxestións. Tamén facilitarlles unha dirección de e-mail para mandarlas en formato vídeo.
- Informar ao claustro das ferramentas TIC que hai e facer sesión(s) de formación moi básica.
 - Amosar funcionamento da impresora 3D, utilización da radio para facer gravacións, manexo do programa de cómic, etc.
- Reorganizar a radio escolar e dinamizar o seu uso.
 - 1 programa trimestral
 - Emisión en streaming (youtube)
 - Facilitar pasos a seguir para a realización completa dun programa de radio.
 - Formar aos nenos e nenas de 5º e 6º no manexo da mesa de son, audacity, Sam Broadcaster, etc. para que sexan quen de levar a cabo unha gravación/emisión completa de radio.
- Impresora 3 D.
 - Facer unha guía fácil para o seu uso.
- Seguir coa información dos perigos que hai á hora de usar internet e redes sociais. Informar ao alumnado e tamén ás familias. Ver algunha charla interesante (instagramer: grtamara, xurxo carreño... pai informático de algún alumno)
- Facer un novo vídeo presentación do centro.
- Ver, ao longo do curso, si é posible facer diferentes sesións formativas para alumnos e alumnas interesadas:
 - e. word/office writer.

29. Addenda do proxecto lingüístico.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do CEIP Plurilingüe “O Mosteirón” foi constituído en claustro o día 1 de setembro e formalmente na reunión do propio equipo o día 5.

BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

a) Segundo enquisas feitas en cursos anteriores podemos interpretar que a lingua vehicular do noso alumnado é o castelán porque:

1. A maior parte das familias falan en castelán, cos fillos na casa e no seu traballo.
2. Os avós falan as dúas linguas nunha porcentaxe similar.
3. Con respecto á fala, a relación dos alumnos/as con todos os membros da familia e cos amigos/as é case exclusivamente en castelán.
4. En canto á lectura, as familias len maioritariamente publicacións en castelán, e os fillos/as responden o mesmo, aínda que todos len, algunha vez, publicacións en galego.
5. Algúns/has nenos/as compran e escoitan música en galego, pero a gran maioría nunca.
6. Maioritariamente, a lingua que falan con máis soltura é o castelán, aínda que responden que entenden ben o galego.
7. A maioría resposta que escriben e len mellor en castelán.

b) Contorna sociolingüístico do centro.

O CEIP Plurilingüe “O Mosteirón” está situado no Concello de Sada (A Coruña) que na actualidade conta cunha poboación aproximada de 16.627 habitantes; 8.145 homes e 8.482 mulleres (INE 2022).

Neste concello pódense distinguir dúas zonas; unha urbana, en continuo crecemento e cunha elevada densidade de poboación, e unha zona rural, cunha densidade de poboación máis baixa e comprendida por oito parroquias. Aínda que a localización deste centro coincide basicamente coa zona rural, a case totalidade do alumnado chega de ambientes urbanos, sendo o castelán a lingua utilizada pola gran maioría.

c) Situación do profesorado.

Aínda que no ámbito de relación entre o profesorado a lingua empregada é case na súa totalidade o castelán, cabe salientar o papel dos docentes como mediadores activos en favor da lingua, e a prol do proceso de normalización e dinamización desta. O profesorado deste centro posúe unha sólida formación en ambas as dúas linguas oficiais de Galicia, o galego e o castelán.

d) Situación do alumnado.

Dáse unha maior porcentaxe de alumnado de procedencia galega, aínda que tamén existe alumnado procedente doutras autonomías e doutras nacionalidades. Unha gran maioría do noso alumnado, por non dicir practicamente a totalidade, fala en castelán.

e) Situación lingüística do centro.

- No ámbito administrativo todos os documentos administrativos, de xestión e circulares informativas que se lles mandan ás familias, están redactados en galego.
- En relación coa ANPA todos os documentos que nos achegan están redactados en galego e en castelán.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Segundo o Decreto 79/2010 o profesorado de Educación Infantil emprega na alula a lingua materna predominante entre o alumnado, que no noso caso é o castelán, favorecendo e procurando que o alumnado adquira o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia.
- En educación primaria emprégase o galego nas seguintes materias: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Relixión e Valores (en diante Proxecto Competencial, LOMLOE 2020).
- Este curso existe unha modificación en canto ás materias que se imparten en lingua estranxeira: Educación Musical e Educación Plástica en todos os niveis de primaria, e Educación Física nos niveis 3º, 4º, 5º e 6º.

OBXECTIVOS DO EQUIPO DE EDLG

- Potenciar o uso da lingua galega, tanto oral como escrita, por medio de actividades lúdicas.
- Acercar ao alumnado ao acervo cultural mediante xogos populares.
- Fomentar o gusto pola lectura en galego.
- Participar no PDI do centro a través da concreción de actividades.
- Alentar o uso do idioma en contextos informais.
- Promover unha visión afable, moderna e útil do idioma galego.
- Colaborar coa radio escolar.

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES A REALIZAR NESTE CURSO 2022-23

1. **OUTUBRO-MAIO:** Palabras combinadas.

No entanto do refrán do mes, co gallo de traballar a expresión oral propoñemos a gravación de vídeos curtos (do tipo “Dígocho eu”) con motivo do vocabulario das Olimpíadas. A idea é traballar unha palabra e un vídeo por trimestre dende cada titoría.

2. **10 NOVENBRO:** Magosto.

Tal e como se ben facendo, o alumnado comerá as castañas propias desta festividade amenizada por música e xogos tradicionais.

3. **NOVENBRO-DECEMBRO:** O calendario temático.

Relacionado este ano co PDI do centro “Vila Olímpica Mosteirón 2024”, ilustrarase un/ha deportista olímpico por mes.

4. **5-9 FEBREIRO:** Entroido.

Disfrazar ao Meco coa temática do PDI do centro.

Seguir cos mandados do Meco.

5. **23 FEBREIRO:** Día de Rosalía de Castro.

Pendente de estudo.

6. **13-17 MAIO:** Semana das Letras Galegas.

Entrega das diferentes actividades que diseña o equipo de Dinamización da Xunta sobre a autora homenaxeada este ano (Luisa Villalta) ás diferentes clases para que cada titora elixa a actividade que quere realizar.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Facer un mural sobre a autora homenaxeada.

Facer un marcapáxinas.

Utilización do “galeómetro”, para incrementar o uso do galego nas materias que o teñen como lingua vehicular. Exporase a todo o claustro dende o EDLG a través da CCP. Este recurso non será de emprego obrigatorio no centro, soamente trátase dunha idea que pode ser usado libremente polo profesorado das distintas áreas.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Maior énfase na concreción de actividades que permitan traballar e mellorar a comunicación oral do alumnado.

AVALIACIÓN

A avaliación deste proxecto será continua .

A finais de curso elaborárase unha memoria reflexiva que permita recoller os logros acadados, as dificultades atopadas e, sobre todo, os aspectos que será preciso modificar (retirar, concretar, ampliar...) de cara ao futuro.

O seguimento contínuo do plan terá lugar nas diferentes sesións de coordinación do grupo de traballo que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas.

Como indicadores de calidade do e polo tanto, como criterios de avaliación vamos a considerar os seguintes:

- Adecuación do proxecto lingüístico de centro ás necesidades reais dos destinatarios.
- Adecuación dos obxectivos previstos á vista dos logros acadados.
- Adecuación das actividades programadas.
- Adecuación dos recursos dispoñibles.
- Grado de participación da comunidade educativa nas actividades realizadas.
- Grado de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

30.Plurilingüísimo.

Hoxe en día a competencia en linguas estranxeiras é considerada como un recurso económico e social indispensable nunha Europa cultural e lingüísticamente diversa. De aí que esta competencia en linguas estranxeiras aumente as posibilidades de emprego das persoas, así como as opcións educativas.

O enfoque plurilingüe enfatiza o feito de que conforme se expande a experiencia lingüística dun individuo nos entornos culturais dunha lingua, dende a linguaxe familiar ata o da sociedade en xeral, e despois ata as linguas doutros pobos, o individuo non garda estas linguas e culturas en compartimentos mentais estritamente separados, senón que desenvolve unha competencia comunicativa á que contribúen todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas e na que as linguas se relacionan entre si e interactúan.

En distintas situacións, unha persoa pode recorrer con flexibilidade a partes diferentes da competencia comunicativa para acadar unha comunicación eficaz cun interlocutor concreto. Así, unha persoa pode recorrer ao coñecemento de varias linguas para dar sentido a unha mensaxe escrita ou falada nunha lingua estranxeira, recoñecendo palabras dun fondo común internacional que aparecen dun xeito novo. Os que teñan algúns coñecementos, poden utilizar esta competencia para axudar, servindo de mediadores entre individuos que non teñan unha lingua común e carezan, polo tanto, da capacidade para comunicarse. Dende esta perspectiva, a finalidade da educación nunha lingua queda profundamente modificada. Xa non se contempla como o simple logro do “dominio” dunha ou dúas – ou incluso tres linguas- cada unha considerada de forma illada, co “falante nativo ideal” como modelo fundamental. Pola contra, o obxectivo é o desenvolvemento dun repertorio lingüístico no que teñan cabida todas as capacidades lingüísticas. Ademais non debemos esquecer que a aprendizaxe de idiomas ten que darse durante toda a vida, polo tanto é moi importante o desenvolvemento da motivación, da destreza e da confianza do alumnado á hora de enfrontarse a unha nova experiencia lingüística.

Cabe dicir que o plurilingüismo ten que contemplarse no contexto do pluriculturalismo. A lingua non é so un aspecto importante da cultura, senón tamén un medio de acceso ás manifestacións culturais.

Hoxe en día a competencia en linguas estranxeiras é considerada como un recurso económico e social indispensable nunha Europa cultural e lingüísticamente diversa. De aí que esta competencia en linguas estranxeiras aumente as posibilidades de emprego das persoas así como as opcións educativas.

Cabe resaltar que no mundo globalizado no que estamos a vivir, o inglés converteuse na principal lingua en calidade de idioma de comunicación universal, logrando un alcance como ningunha outra lingua o fixo ao longo da historia, adquirindo así o status de «competencia clave», e sendo parte esencial da alfabetización do século XXI. Por iso, a competencia insuficiente do noso alumnado nesta lingua tería serias repercusións para continuar estudos noutros países e para as súas posibilidades de emprego.

Dende esta perspectiva, a finalidade da educación nunha lingua queda profundamente modificada. Xa non se contempla como o simple logro do “dominio” dunha ou dúas – ou incluso tres linguas- cada unha considerada de forma illada, co “falante nativo ideal” como modelo fundamental. Pola contra, o obxectivo é o desenvolvemento dun repertorio lingüístico no que teñan cabida todas as capacidades lingüísticas. Ademais non debemos esquecer que a aprendizaxe de idiomas ten que darse durante toda a vida, polo tanto é moi importante o desenvolvemento da motivación, da destreza e da confianza do alumnado á hora de enfrontarse a unha nova experiencia lingüística.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

COMPOÑENTES DO EQUIPO DE PLURILINGÜISMO

O equipo de plurilingüismo foi constituído en Claustro o día 1 de setembro e posteriormente en reunión do propio equipo o día 3

*COORDINADORA DO EQUIPO

Jose L. García González

*AUXILIAR DE CONVERSA

Babita Babita

*PROFESORAS DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

Tania García Miñán

Ana Isabel Abruñedo Fernández

*PROFESORADO DE ARTS AND CRAFTS - EDUCACIÓN PLÁSTICA

- Rocío Regueiro Pérez. Encargada de impartir Arts and Crafts no segundo nivel, curso A.
- Iván Benito Portela Fontán. Encargado de impartir Arts and Crafts no cuarto nivel, cursos A e B.
- Héctor M. Rodríguez Cagiao. Encargado de impartir Arts and Crafts no terceiro nivel, cursos A e B, e no segundo nivel curso B.
- José Luis García González. Encargado de impartir Arts and Crafts no sexto nivel, cursos A e B.
- Laura Campello Fraga. Encargada de impartir Arts and Crafts no primeiro nivel cursos A e B.
- Paloma Rayón Fernández. Encargada de impartir Arts and Crafts en 5º curso A e B.

*PROFESORADO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Paloma Rayón Fernández. Encargada de impartir EF nos terceiro, cuarto, quinto e sexto niveis, cursos A e B.

*PROFESORADO DE EDUCACIÓN MUSICAL

- Héctor M. Rodríguez Cagiao.. Encargado de impartir EM en todos os cursos de EI e EP do centro.

Este curso é o décimo segundo curso que formamos parte da rede de Centros Plurilingües de Galicia. Neste ano escolar 2022/23 impartirase Arts and Crafts en toda a etapa de primaria, mentres que no caso de Educación Física, debido a que non hai dotación suficiente de profesorado con perfil B2 no colexio e que a mestra de Educación Física vai a impartir a asignatura de Arts and Crafts no quinto nivel.

A área de Educación Musical en lingua estranxeira impartirase en todos os niveis.

OBXECTIVOS E MEDIDAS DE ACTUACIÓN DO EQUIPO PLURILINGÜISMO.

Obx. 1. Achegar ao auxiliar de conversa unhas pautas didácticas e estratexias comunicativas básicas.

- Reunións de coordinación ca auxiliar de conversa.
- Presentación da Temporalización dos contidos da área de lingua estranxeira ao resto de profesorado CLIL.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Obx. 2. Programar as diferentes áreas de forma interdisciplinar.

- Reunións de coordinación do profesorado CLIL

Obx. 3. Incrementar a presenza do inglés no centro.

- Actualización e incremento da cartelería en inglés do centro.
- Creación dun “recuncho de inglés” en cada aula.

Obx. 4. Continuar coa participación en colaboración co PDI do centro.

- Participar activamente nas diferentes actividades propostas no PDI
- Dar presenza ás sedes olímpicas anglosaxoas na biblioteca

Obx. 5. Axustar o reparto horario da auxiliar de conversa entre o alumnado do equipo CLIL

Obx. 6. Fomentar a inmersión lingüística mediante o uso de materiais audiovisuais e escritos facendo énfase nos recursos da biblioteca escolar

- Contacontos preparados pola auxiliar de conversa
- Recuncho de Inglés
- Visitas periódicas do alumnado ao recuncho de inglés da.

AUXILIAR DE CONVERSA

A participación dos auxiliares de conversa ademais de constituír unha práctica internacionalmente recoñecida para mellorar a competencia comunicativa do alumnado en linguas estranxeiras, contribúen a un achegamento máis natural aos aspectos xeográficos, sociais, culturais, económicos e de actualidade dos países de referencia, o cal supón un incremento da motivación para a aprendizaxe da lingua obxecto de estudo ademais de ser un referente fundamental para o desenvolvemento dunha lingua.

A presenza dos auxiliares de conversa nos centros educativos galegos é un elemento esencial para facilitar o proceso de ensino e de aprendizaxe de linguas estranxeiras. Achegan a voz nativa do seu país de orixe ao alumnado galego e apoian o labor do profesorado, posibilitando as prácticas de conversación en lingua estranxeira e representando un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo.

Tamén a figura da auxiliar de conversa contribúe a:

- Reforzar as competencias en lingua estranxeira, fundamentalmente as destrezas orais, do alumnado.
- Promover o entendemento cultural.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura do país de orixe da persoa auxiliar e do conxunto de países que comparten a súa lingua.
- Promover iniciativas de formación e apoio ao ensino e aprendizaxe das linguas. A súa presenza na aula (e no centro) debe ser unha fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Achegar recursos didácticos, especialmente material orixinal dos seus países de procedencia

HORARIO DO AUXILIAR DE CONVERSA

Babita será a nosa auxiliar de conversa, que comezará con nós, o día 2 de outubro e rematará a súa estancia o día 31 de maio cunha periodicidade de 16 horas á semana.

Para a elaboración do horario, establecéronse algúns criterios:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Que cada clase de Educación Primaria tivese ao menos unha sesión co auxiliar.
- Adicar o maior número de horas ás áreas de Arts and Crafts, Physical Education e Music, xa que todo o profesorado accedeu a ter o apoio da auxiliar de conversa.
- En caso de non dar cobertura a todas as horas nas áreas anteriormente mencionadas, a auxiliar de conversa accedería ás aulas na área de inglés.

Para aproveitar o máximo a súa presenza aquí realizaremos semanalmente unha reunión de coordinación do equipo de Plurilingüismo para planificar os traballos que se realizarán cos diferentes grupos.

Durante a primeira semana acudirá a clase e presentarse e así falar da cultura e xeografía do seu país de orixe que no seu caso é a India.

	MONDAY	TUESDAY	WEDNESDAY	THURSDAY	FRIDAY
9:00/9:50	5th B MU	5th A PE	2nd B AC	6th B PE	
9.50/10:40	6th A PE	5th B PE	3rd B PE	Coordination	
10:40/11:30	3rd A AC	4th A EN	4th B MU		
BREAK 11:30/12:10	BREAK	BREAK	BREAK	BREAK	BREAK
12:20/13:10	4th A AC	6th B PE		1st B AC	
13:10/14:00	2nd A AC			1st a AC	

SEGUIMIENTO E AVALIACION DO PROGRAMA PLURILINGÜE

Según vén reflectido no artigo 17 da Orde 12 de Maio de 2011 “Os centros plurilingües establecerán nas sua programación os mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe”

En canto a avaliación do proxecto, terá a finalidade de analizar se se acadan os obxectivos propostos coa implantación do proxecto plurilingüe.

Dicir que os aspectos a avaliar serán os seguintes

- Se houbo unha mellora nas competencias lingüísticas do alumnado na lingua estranxeira.
- Se o grado de satisfacción do programa como experiencia foi o axeitado.
- Se as estratexias, materiais e actividades realizadas polo profesorado para o desenvolvemento do programa foron axeitas.

Os mecanismos de seguimentos do programa seran os seguintes:

- Realización dunha avaliación inicial ao principio do curso para ter unha idea máis aproximada dos coñecementos da lingua inglesa dos alumnos. Avaliación baseada na observación.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Realización dunha avaliación continua baseada na observación diaria da aula do progreso do alumnado a través da súa participación nas actividades propostas.
- Realización dunha avaliación final na que decidiremos sobre se a nosa labor docente foi axeitada
- Avaliación dos materiais utilizados na aula.
- Autoavaliación da metodoloxía empregada e do deseño de actividades ao longo do curso

INDICADORES DE LOGRO

Preparación da clase e dos recursos e materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.	1	2	3	4
	Os materiais son axeitados	1	2	3	4
	Os materiais utilizados teñen efecto motivador co fin de favorecer a aprendizaxe do alumnado	1	2	3	4
Utilización metodoloxía adecuada	Téñense en conta aprendizaxes significativas	1	2	3	4
	A metodoloxía fomenta a motivación do alumnado	1	2	3	4
	Existe interdisciplinidade no tratamento dos contidos	1	2	3	4
Avaliación da práctica docente	Grao do seguimento das clases polo alumnado.	1	2	3	4
	Validez dos recursos utilizados na clase.	1	2	3	4

A ESCALA DE VALORACIÓN É A SEGUINTE:

4.SEMPRE	3.HABITUALMENTE	2.ÁSVECES	1.NUNCA
----------	-----------------	-----------	---------

SEGUIMIENTO E AVALIACION DA ACTIVIDADE DO AUXILIAR DE CONVERSA

Segundo a ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No seu artigo 11 establece que Os centros aos cales se lles asigne un ou unha auxiliar de conversa establecerán na súa programación xeral anual os mecanismos de seguimento e avaliación da súa actividade que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que se deberán reflectir na memoria final de cada curso.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA ACTUACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

- Participa activamente na clase
- Colabora co profesorado no desenvolvemento e mellora das competencias lingüísticas tanto do alumnado coma do propio profesorado
- Aporta ideas para desenvolver as clases.
- Achega a súa propia cultura ao alumnado e ao profesorado
- Axuda á hora de elaborar materiais didácticos e achega material orixinal do seu país de orixe

AVALIACIÓN DA ACTUACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Para avaliar a actuación do noso auxiliar de conversas utilizaremos os seguintes criterios de avaliación:

- Reforzar as competencias en lingua estranxeira, fundamentalmente as destrezas orais, do alumnado.
- Promover o entendemento cultural.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura do país de orixe da persoa auxiliar e do conxunto de países que comparten a súa lingua.
- Promover iniciativas de formación e apoio ao ensino e aprendizaxe das linguas. A súa presenza na aula (e no centro) debe ser unha fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Achegar recursos didácticos, especialmente material orixinal dos seus países de

Procedencia.

INDICADORES DE LOGRO

Participa activamente na clase	4	3	2	1
Os materiais que achega son axeitados	4	3	2	1
Colabora co profesorado no desenvolvemento das clases	4	3	2	1
Colabora activamente co profesorado no deseño de actividades	4	3	2	1
Fomenta o entendemento cultural	4	3	2	1
Fomenta o interese dos alumnos cara a aprendizaxe da lingua estranxeira e a mellora da competencia lingüística	4	3	2	1
O grado seguimento das clases polo alumnos é positivo	4	3	2	1

A ESCALA DE VALORACIÓN É A SEGUINTE:

4.SEMPRE	3.HABITUALMENTE	2.ÁSVECES	1.NUNCA
----------	-----------------	-----------	---------

31. Plan de traballo de benestar e convivencia.

A) Xustificación legal

A orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, sinala que as funcións da persoa coordinadora de convivencia e benestar son as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coa asociación de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

B) Contextualización:

Partimos da seguinte realidade no referente a recursos humanos e espaciais:

Datos do Centro:

Denominación: C.E.I.P. Plurilingüe O Mosteirón

Localidade: Mosteirón, Sada

Nº de Unidades: Ed. Infantil: 3

Primaria: 12

Nº de alumnos: 290

I.E.S. ao que está adscrito: I.E.S. O Mosteirón

Zona Educativa: Sada, A Coruña.

1..2.-Recursos materiais

Aulas xerais :

Ed.Primaria 12

Ed.Infantil:..... 3

Aulas específicas:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Pedagogía terapéutica:	1
Audición e linguaxe:	1
Orientación.....	1
Música:	1
Informática.....	1

1.3.-Recursos humanos

Persoal docente:

-Profesores –Titores

Primaria.....	12
Educación Infantil.....	3

-Especialistas

Filoloxía inglesa.....	2
Filoloxía Francesa (titoría)	1
Educación Musical.....	1
Relixión.....	1
Apoio E.Infantil	1
Educación Física....	2
Pedagogía terapéutica....	1
Audición e linguaxe.....	1
Orientadora.....	1

Persoal non docente:

Conserxe.....	1
Administrativa.....	1
Auxiliar técnica educativa.....	1

Asociación de nais e pais de alumnos (A.N.P.A.)

Dende o dpto. Orientación vense a traballar, dende cursos anteriores, a convivencia, habilidades sociais e mellora da comunicación social, así como a prevención do acoso escolar, a través de sesións puntuais trimestrais nos tres ciclos de primaria.

O curso pasado, o terceiro ciclo de primaria participou no programa Convive-T, e eu como xefa do DO e coordinadora do mencionado programa, realicei as tarefas de regulación, seguimento e modificacións a introducir no mesmo.

No citado programa propúxose como obxectivo a mediación como unha introdución do alumnado no significado da mesma, os axentes implicados e os procedementos para a resolución de conflitos con esta vía.

Algúns casos foron resoltos sempre contando coa figura da coordinadora do programa para guiar ao alumnado.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Os casos resoltos foron situacións de conflitos menores onde era convinte establecer axeitadas canles de diálogo entre o alumnado.

A través de todas as actividades realizadas traballouse:

- A promoción do crecemento moral do alumnado, tanto en aspectos cognitivos como afectivos e actitudinais.
- Axudar na toma de conciencia dos principais problemas éticos do noso tempo.
- Fomentara o diálogo entre compañeiros/as para desenvolver un razoamento coherente que facilite a comprensión dos problemas e a adopción de posturas ante os mesmos.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes de respecto e tolerancia, estimulando a capacidade de adoptar novas perspectivas e asumir roles diferentes.

Tamén se contou coa axuda de recursos externos a través do Plan Director mediante o cal, a garda civil impartiu charlas dirixidas ao alumnado sobre o perigo das redes sociais e traballo da conciencia e responsabilidade a nivel individual.

1. ANALISE DO CONTEXTO

Existen condutas que favorecen a resolución de conflitos de forma pacífica: saber escoitar, saber defender a posición de cada un respectando os sentimentos da outra persoa, saber pedir perdón cando se comete unha falta... Por outra parte, hai actos que este cometido, como os insultos e ameazas. A aprendizaxe das habilidades sociais e de comunicación son fundamentais para resolver os conflitos de forma pacífica.

Sempre hai algún alumno que experimenta dificultades para relacionarse cos demais. Independentemente da idade, sexo, contexto social ou situación; hai nenos que de forma puntual ou ben de forma crónica, sofren ou non gozan cando nas interaccións sociais.

Constátase día a día un progresivo incremento dos problemas de competencia social que presentan os nenos nos distintos contextos nos que viven (familia-escola-parque..). O aumento dos problemas de competencia interpersonal na infancia e preadolescencia lévanos a preguntarnos a que se debe esta situación. A sociedade, que aumentou sensiblemente a súa complexidade social, fai que unha mesma persoa deba adoptar múltiples e diferentes roles ao mesmo tempo (mamá, mestra, esposa, contable) Isto fai que se transformen valores e metas, quedando nun segundo plano os obxectivos de desenvolvemento persoal.

E por iso polo que se plantexa a necesidade de establecer unhas pautas de actuación para mellorar a convivencia no centro, favorecendo un clima no que se poda traballar a competencia en habilidades sociais e desenvolvemento socioemocional.

2. OBXECTIVOS E TEMPORALIZACIÓN:

1º trimestre:

- Poñer en marcha a aula de convivencia como lugar para promover a resolución de conflitos pacífica mediante a reflexión, negociación coa boa vontade de todas as partes implicadas.

Ao longo de todo o curso:

- Promocionar o crecemento moral do alumnado, tanto en aspectos cognitivos como afectivos e actitudinais.
- Axudar na toma de conciencia dos principais problemas éticos do noso tempo.
- Fomentar o diálogo entre compañeiros/as para desenvolver un razoamento coherente que facilite a comprensión dos problemas e a adopción de posturas ante os mesmos.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes de respecto e tolerancia, estimulando a capacidade de adoptar novas perspectivas e asumir roles diferentes.
- Informar ás familias no caso de producirse situacións de acoso ou episodios graves contra as normas de convivencia do centro, tanto no caso de agresores e vítima, asesorando como traballar cos nenos dende o fogar.

Contabilizarase en xuño:

- Acadar un aumento na porcentaxe de aumento do número de casos resoltos pola vía da negociación.
- Acadar unha porcentaxe de redución das faltas de orde e apercibimentos.

3. METODOLOXÍA:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

O programa ten un carácter preventivo e os seus resultados son máis visibles a medio prazo. Non obstante, realizaranse actuacións concretas en función das necesidades e/ou demandas realizadas. A coordinadora do programa realiza un deseño básico e actúa como motor e supervisora do mesmo.

Non referente a actividades co alumnado, a metodoloxía emprega:

* **Actividades cooperativas**, caracterizadas por requirir a colaboración de todo o grupo implicado para obter un resultado. Os participantes deben asumir os mesmos obxectivos e as mesmas normas, participando activamente e coordinándose para poder xogar. Non hai gañadores nin perdedores, ou ben se consegue o obxectivo común ou non, de tal forma que todos perden ou gañan.

Trátase de fortalecer os vínculos entre os membros do grupo-clase.

* **Dilemas morais**: son relatos breves, a modo de historia, de situacións hipotéticas ou reais que plantexan un conflito de valores e requiren tomar unha decisión que solucione tal situación. A solución proposta ao dilema ten que realizarse en base a un razoamento moral.

O desenvolvemento deste tipo de traballo ten varias fases:

- Presentación do dilema polo docente a través dun texto e/ou imaxes.
- Discusión en pequenos grupos.
- Debate xeral: posta en común de cada grupo coas conclusións obtidas polos demais.
- Posicionamento individual final: Cada alumno recolle por escrito a súa posición final, tendo en conta o debate previo e sinalando os argumentos que a sustentan.

***Negociación**: Resolución de conflitos menores mediante a negociación (iniciación na mediación) como técnica de resolución de conflitos facilitadora de acordos.

A coordinadora realizará a tarefa de mediadora nestes casos, empregando a aula de convivencia para realizar estas tarefas.

4. PROCEDIMENTO DE SEGUIMIENTO, DIFUSIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DO PLAN.

Seguimento:

Semanalmente a través da coordinación establecida entre a coordinadora de convivencia e o equipo directivo.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Trimestralmente a través de reunións celebradas no departamento de orientación.

Difusión:

Este plan formará parte do Plan de Convivencia do centro e concretarase na Programación Xeral I Anual, polo que e a súa difusión realizarse a través do claustro e consello escolar.

Modificacións:

Este plan é orientativo, estando pendente de posibles modificacións en función da evolución e necesidades da comunidade educativa.

Avaliación:

a. Avaliación do programa.

Na avaliación do plan teranse en conta os seguintes indicadores que serán valorados na avaliación ao final de curso:

1- Obxectivos acadados polo alumnado.

- Mellora do clima de convivencia nas aulas, valorado a través da redución de partes e sancións emitidas ao longo dos tres trimestres do curso escolar.
- Valoración xeral do aproveitamento das actividades.
- Feedback proporcionado polo alumnado na realización das tarefas propostas.
- Desenvolvemento do razoamento crítico ante situacións que expresan inxustiza social a través de propostas razoadas.
- Grao de empatía entre compañeiros/as.

2- Organización e coordinación do programa.

- Relación entre medidas propostas e as postas na práctica.
- Dificultades atopadas.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

3- *Recursos materiais e humanos.*

- Adecuación dos espazos do centro para desenvolver as medidas propostas.
- Disponibilidade de recursos.
- Adecuación dos materiais ás actividades propostas.
- Aproveitamento dos materiais das distintas aulas.
- Formación do profesorado ofertada por recursos externos.

4- *Metodoloxía e Programación de Actividades.*

- Grao de dificultade na aplicación das medidas propostas.
- Adecuación das actividades propostas ás necesidades do alumnado.
- Valoración do grao de motivación e satisfacción das actividades para os alumno.
- Grao de implicación do alumnado nas actividades realizadas.

5- *Propostas de mellora.*

Unha vez realizada a avaliación do programa, sendo exposta na última reunión do claustro, recolleranse as propostas de mellora na memoria ao finalizar o curso para modificar as actividades e estratexias metodolóxicas seleccionadas, de cara ao seguinte curso académico.

32. Contratos programa e Plan Proxecta.

- Edu- Saúde

Neste proxecto de formación permanente do profesorado preténdese fomentar os hábitos de vida saudable do alumnado durante o horario lectivo, a través de actividades, medidas organizativas e/ou metodolóxicas nas que incidiremos nos hábitos alimenticios saudables e o incremento da actividade física.

Os obxectivos prantexados son:

- a) Adquirir, por parte do alumnado, hábitos alimentarios saudables.
- b) Procurar un entorno alimentario saudable dentro do centro docente que promova e facilite unha dieta diversificada, equilibrada e sa.
- c) Orientar ás familias na selección de alimentos saudables para o consumo do alumnado no centro docente.
- d) Incentivar a adquisición autónoma de produtos alimenticios saudables, promovendo unha selección informada dos mesmos.
- e) Incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo.
- f) Implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permita a coexistencia da práctica de actividade física co normal desenvolvemento das sesións lectivas.
- g) Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro.

As actividades propostas son:

- Presentación de actividades realizadas por entidades deportivas da contorna, no centro educativo.
- Préstamo de material deportivo e lúdico para favorecer os "recreos activos".
- Dinamización lúdica e deportiva do tempo de lecer para introducir alternativas no tempo de ocio.
- Lectura e interpretación do etiquetado dos alimentos. - Coñecemento das indicacións da OMS en relación a cantidade de actividade mínima física diaria e aspectos relativos á dieta saudable.
- Celebración de actividades deportivas no centro: carreira ENKI, Día do Peón, Camiño ao Respecto...
- Propostas de merendas saudables.
- Incremento da actividade física diaria na xornada lectiva: milla diaria, descansos activos.
- Participación coas familias en eventos deportivos fóra do horario lectivo: Carreira ENKI. -
- Participación coas familias en eventos deportivos dentro do horario lectivo: Carreira da San Silvestre do Mosteirón. Festa fin de curso.
- Celebración do día da Educación Física na rúa (centros educativos de Sada coa colaboración do Concello de Sada), xornadas de deporte adaptado coa asociación ENKI.

EDUinnova

Esta modalidade vaise realizar no segundo ciclo de educación infantil, en 4º, 5º e 6º de educación infantil, dado que, entendemos que é o momento onde se deben sentar as bases das competencias.

Neste centro traballamos en base a proxectos en educación infantil e estamos integrandoos de xeito progresivo en E. Primaria, pero queremos dar un impulso a experimentar técnicas que antes non leváramos a cabo no ámbito lingüístico e no ámbito matemático. Xa levamos dous cursos inserindo novas metodoloxías activas, pero consideramos que debemos incidir máis no seu coñecemento e implantación, dado que cada curso observamos que o alumnado é como mellor interioriza as aprendizaxes.

Entre as actividades que se van levar a cabo están as relativas á competencia lingüística, ofrecendo ao alumnado novas oportunidades para expresarse.

No traballo da competencia matemática primará todo o manipulativo, tomaremos medidas como antigamente, empregaremos diferentes xeitos de conteo, experimentaremos con materiais de capacidade e medida.

Este curso aproveitaremos o PDI de centro "Vila Olímpica Mosteirón" adicado aos xogos olímpicos para inserir ao alumnado nas diferentes culturas, na importancia de ter uns valores que nos leven a vivir en sociedade de xeito agradable, a fomentar a actividade física, a buscar en diferentes aplicacións informacións sobre os xogos, a medir, contar e sobre todo, ver a importancia das matemáticas nas olimpíadas.

Obxectivos:

- Avance no asentamento das competencias básicas.
- Adquisición de novas experiencias de aprendizaxe tendo como base a aprendizaxe significativa.
- Interese e motivación cara a experimentación do alumnado.

EDUcalidade.

O equipo directivo actual intenta, manter o centro educativo sempre organizado, atendendo á diversidade, ás necesidades de cada instante e tendo presente as inquietudes do profesorado e alumnado.

As nosas accións a través de "Edu calidade" pretendemos que todo o profesorado e todas as familias teñan unha información clara, concisa, con tempo e que non de lugar a dúbidas.

Por iso dende o inicio de curso se presenta unha organización ao todo o profesorado que una vez presentada e estando o claustro de acordo con elo, se completa para todo o curso.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Crearase a comisión de PDI dun xeito diferente, cos coordinadores e coordinadoras de dinamizacións, órganos de coordinación docente e equipo directivo para unha visión xeral do PDI e presentando as propostas e dividindo traballos para que entre todos non teñamos unha gran carga na realización do mesmo. Unidos a isto, debemos revisar documentos que co paso do tempo non temos a mesma visión sobre eles e actualizar o Plan de autoprotección do centro (con formación incluída) da cal, antes se encargaba o Concello de Sada.

Precisamos tamén facer unha entrada e unha saída máis amable no centro educativo, dado que, contamos cun timbre que dentro do edificio é moi estridente que afecta ao alumnado con maior sensibilidade e por outra fora do centro non se escoita. Necesitamos que non afecta ao alumnado NEAE.

Os indicadores de actuación son os seguintes:

- Realizouse unha xestión clara e eficaz.
- O PDI de centro tivo unha mellor organización.
- Está aprobado o novo Plan de Convivencia.
- Contamos cun novo Plan de Autoprotección e realizouse a formación.
- Cambiose o sistema de entradas e saídas do centro.

Emociona-T

Este proxecto iniciouse o ano pasado e vimos a necesidade de continuo para que o alumnado faga unha análise sobre as súas fortalezas e debilidades para xestionar as súas emocións e que todo isto redunde nunha mellor convivencia. Deste xeito pretendemos mellorar o autoconñecemento e a autoestima do alumnado.

O programa levarase a cabo ao longo de todo o curso, nas aulas de 1º ciclo, nas asembleas e de vez en cando no momento lector para introducir algunha lectura onde o contido fundamental sexa as emocións e a súa xestión.

Os dous obxectivos principais a acadar son os seguintes:

- a) Adquirir e desenvolver competencias emocionais (conciencia emocional, autonomía emocional, regulación das emocións propias e alleas...).
- e) Mellorar o rendemento académico do alumnado a través da contribución das habilidades emocionais.

Plan Proxecta_ PVC

Este curso no CEIP Plurilingüe O Mosteirón queremos continuar coa implementación deste Programa co fin de incrementar a oferta de actividades para o noso alumnado e deste xeito dar saída a moitas das súas inquietudes e animálos a participar e coñecer novas disciplinas deportivas e actividades físicas. Ademais

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

este curso temos como PDI do centro “Os Xogos Olímpicos”, que unido o desenvolvemento deste Programa, entendemos que pode chegar a acadar o noso obxectivo principal que é, dende hai anos, que o alumnado integre na súa vida cotiá o xogo, o deporte e a actividade física como medio de divertimento e, paralelamente, que mellore as súas capacidades e habilidades. É un traballo de anos e pretendemos darlle continuidade nos vindeiros cursos. Este obxectivo parte do que os mestres en Educación Física levamos anos observando, que é unha caída considerable da práctica de actividade e exercicio físico co problema que leva engadido (sobrepeso, perda de habilidades, pouco desenvolvemento de capacidades motrices e cualidades físicas...).

As actividades que temos previsto realizar son as seguintes:

Milla diaria: continuaremos realizando esta actividade que dende o centro xa se leva a cabo dende fai varios anos.

Celebración do Día da EF na rúa, na praza central de Sada, con outros centros da contorna na que realizaremos diferentes actividades en colaboración con clubs da vila.

Realización da carreira San Silvestre contando coa participación de toda a comunidade educativa.

Recreos activos: préstamos de material durante o tempo de lecer e distribución de diferentes zonas de xogo...

Obradoiro de xogos populares.

Trataremos de recibir a visita de algún club da contorna para fomentar que o noso alumnado teña a posibilidade e a inqueda de realizar diferentes deportes fora do horario lectivo, relacionando con PDI.

Recibimos a visita dalgún deportista olímpico para que nos fale da súa experiencia olímpica, relacionando co PDI.

Visitaremos as pistas de atletismo de Elviña, para realizar unhas pequenas olimpíadas ou para olimpíadas, en colaboración coa UDC.

Trataremos de facer algunha xornada deportiva escolar intercentros.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Solicitaremos as modalidades de: Mais e mellor actividade física, Móvete +, XOGADE, e Milla diaria.

A través deste proxecto trataremos de acadar os seguintes obxectivos:

Posibilitar a participación en diferentes disciplinas deportivas.

Fomentar e desenrolar a educación multicultural e inclusiva grazas ó potencial pedagóxico do deporte

Mellorar a condición física a través do deporte

Conseguir unha mellora nos hábitos saudables por medio deste programa

Mellorar o esforzo e o ánimo de superación ante novos retos

Previr calquera tipo de violencia ou discriminación(xénero, raza, clase social...) non so no ámbito do deporte senón como exemplo extrapolable a súa vida social e profesional nun futuro.

Mellorar a convivencia entre equipos e as relacións que se producen nas competicións e fomentar a convivencia e o respecto mutuo.

Fomentar o espírito olímpico.

33. Organización do persoal non docente.

O Persoal de Administración e Servizos do CEIP componse de:

- un subalterno
- unha administrativa
- persoal de limpeza- Adscrito ao IES.

a) **Persoal subalterno:**

O horario do/a persoal subalterno será de 08:00 a 15:00 horas e os martes de 15:30 a 18:00 horas.

As funcións principais do/a persoal subalterno son:

- Custodiar o edificio, mobiliario, máquinas, instalacións e locais.
- Controlar a entrada das persoas alleas ao centro escolar, recibir as súas peticións e indicarlles o lugar a onde deben dirixirse.
- Custodiar as chaves dos despachos, oficinas, aulas e demais dependencias.
- Recibir, conservar e distribuír os documentos, obxectos e correspondencia que lle sexa encomendada.
- Realizar dentro do recinto escolar os traslados de mobiliario, material e aparellos que fosen necesarios.
- Realizar os encargos relacionados co servizo e co mantemento do centro que lle sexa encomendado pola dirección, dentro e fóra do recinto escolar.
- Manexar máquinas reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras e análogas, cando así sexa autorizado pola Dirección do Centro.

b) **Administrativa:**

O horario do/a auxiliar administrativo do centro será de 07:30 a 15:00 horas.

As funcións principais do/a auxiliar administrativo son:

- Apoiar na xestión de datos dos alumnos/as, familias e titores, así como a súa ordenación nos sistemas de información.
- Informar e realizar a xestións necesarias dos servizos derivados da oferta do centro.
- Cooperar, informar e rexistrar os datos derivados dos procesos de preinscripción, matriculación, axudas ó estudo e axudas ó comedor.
- Realizar o tratamento axeitado ós expedientes dos alumnos/as.
- Recepción e saída da documentación, arquivo e posta ó día da mesma.
- Recollida de notas telefónicas e persoais.
- Aquelas función que o/ secretario do centro estime oportuno.

c) **Persoal de limpeza:**

O persoal de limpeza non está adscrito ó CEIP senón o IES O Mosteirón, quen se encarga de xestionar este servizo. O equipo directivo será o vínculo para calquera comunicación do profesorado co persoal de limpeza.

O servizo prestado polo IES ten como mínimos as prestacións seguintes:

- Fregado diario de tódalas dependencias cubertas.
- Limpeza do mobiliario.
- Baleirado diario de papeleiras.
- Limpeza de chans, aparatos e azulexos nos servizos de aseos e lavabos.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- e) Limpeza xeral e extraordinaria de tódalas dependencias, incluíndo chans, cristais, portas, ventás, paredes, teitos e puntos de luz coincidindo coas vacacións trimestrais de Nadal, Pascua e Verán.
- f) Limpeza semanal de espazos deportivos abertos e de patios.

34. Plan de avaliación de centro.

A avaliación do centro é un proceso fundamental para poder determinar a correcta organización do centro e/ou establecer propostas de mellora e ir modificando aspectos que non están acadando o rendemento esperado. Por tanto, dita avaliación terá como **finalidade**:

- Establecer puntos débiles e puntos fortes do centro.
- Coñecer o funcionamento do centro e os resultados académicos.
- Permitir a toda a comunidade educativa reflexionar sobre os procesos que se están a desenvolver e a influencia da sociedade no centro.
- Propoñer melloras baseadas en técnicas, reflexións e investigacións.

Os ámbitos que se van avaliar son os seguintes:

Proceso de ensino aprendizaxe

- Realizar un seguimento do plan de atención á diversidade.
- Establecer un proceso de revisión e avaliación das programacións.
- Coñecer o grao de desenvolvemento das competencias do alumnado.
- Valorar e reflexionar sobre os recursos materiais e persoais dos que dispón o centro educativo.

Organización e funcionamento

- Avaliar a organización horaria e de reforzos para o alumnado.
- Valorar se as actividades complementarias que se están realizando permiten ao alumnado reforzar as súas aprendizaxes.
- Detectar carencias e necesidades organizativas.
- Coñecer e facer un seguimento da xestión económica do centro.
- Revisar continuamente os documentos de centro para modificar os aspectos que non sexan viables ao día a día do centro ou á lexislación vixente.
- Valorar e establecer propostas para a atención do alumnado que máis o precise.
- Analizar o desenvolvemento de plans e proxectos.


Convivencia


- Analizar a clima de convivencia que se está a dar no centro educativo.
- Valorar e buscar propostas de mellora para corrixir conductas contrarias á convivencia.
- Establecer plans e programas para a mellora de habilidades sociais.
- Analizar as realizacións que se establecen coa comunidade educativa: familias, persoal non docente, ANPA.
- Valorar as relacións que se establecen co Concello e coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Para levar a cabo esta avaliación contaremos cos órganos de coordinación docente, cos órganos de goberno e participación e tamén coas dinamizacións, tendo presente que as sesións de avaliación (trimestrais e inicial) serán claves neste proceso.

Na seguinte táboa amósase quen é o encargado de cada proceso.





35. Plan de autoprotección.

ºO plan de autoprotección do centro foi entregado por parte da Conselleira de Educación do Concello de Sada o de decembro de 2019 e posto en practica a través dos simulacros de evacuación e o plan de formación inicial para o profesorado.

A dirección do centro é a persoa que tamén ocupa a dirección do Plan de Autoprotección. No caso de que dita persoa non este no centro ocupará o posto a secretaria ou a xefa de estudos, por este orde.

Para a realización da evacuación do edificio farase sempre dende a planta superior á inferior, dado que en caso de incendio o fume tende a subir.

Toda evacuación debe facerse de xeito organizado e mantendo, por parte, de toda a comunidade educativa a calma.

Abandonarase a aula de un en un mantendo a distancia de seguridade e pegados á parede, non se parará ninguén a recoller obxectos persoais e realizarase a evacuación en silencio. O profesor situarase sempre ao final da fila, xa que isto daralle unha referencia ao alumnado e asegurarse de que non quede ningún retrasado. As tres plantas dirixiranse á saída principal.

Este curso 2023.24 acaba de contratarse a realización dun Plan de Autoprotección, que inclúe unha formación que terá lugar o 28 de novembro ás 16:30, simulacro de evacuación e documento. Será subido á REGAPE.